

A MULLER NA POBOACIÓN GALEGA

5

5.1. Introducción

Na exposición de motivos da Lei Orgánica 3/2007 do 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes dise: “O artigo 14 da Constitución Española proclama o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo”. Pola súa parte o artigo 9.2 consagra a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexa real e efectiva.

A igualdade, é así mesmo, un principio fundamental na UE, no que se refire ao acceso ao emprego, formación, promoción profesional e ás condicións de traballo. A violencia de xénero, a discriminación salarial, a discriminación nas pensións de viuvez, o maior desemprego feminino, a escasa presenza das mulleres en postos de responsabilidade política, social, cultural e económica, ou os problemas de conciliación entre a vida persoal, laboral e familiar, mostra que a igualdade plena e efectiva aínda non se conseguiu.

O Título IV desta Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, ocúpase do dereito ao traballo en igualdade de oportunidades

entre mulleres e homes no acceso ao emprego, na formación profesional e nas condicións de traballo e contéplase especificamente o de negociar plans de igualdade nas empresas de mais de 250 traballadores/as.

No Cumio de Lisboa do ano 2000, fixouse un obxectivo de emprego feminino para 2010: o 60%.

O Plan Nacional de Acción para o Emprego trata de axustarse ao establecido na Directiva nº 6 “A igualdade entre homes e mulleres”: Os Estados membros fomentarán a participación da muller no mercado laboral e conseguirá para o 2010 unha redución substancial das disparidades existentes entre homes e mulleres polo que respecta ás taxas de emprego e desemprego e á remuneración, a través dun plan integro, que combine a integración da dimensión de igualdade con medidas específicas. O papel dos interlocutores sociais é fundamental a este respecto.

As recomendacións que se fan a España están orientadas a aumentar os incentivos para que as mulleres participen no mercado de traballo e incrementar a dispoñibilidade e asequibilidade dos servizos para o coidado de fillos e outras persoas dependentes.

A situación de desigualdade da muller segue sendo palpable non solo en España e Europa, senón no resto do mundo. A OIT puxo a voz de alarma sobre a feminización da pobreza, resultado en parte das diferenzas de xénero no ámbito laboral. Aumenta o número de mulleres que acceden ao emprego pero tamén aumenta o número de mulleres en paro. A taxa de actividade das mulleres españolas está por debaixo das europeas e a taxa de emprego feminino, aínda que mellorou nos últimos anos, aínda é mais baixa que a das mulleres europeas. A taxa de paro feminino, que tende a reducir distancias co masculino, segue sendo elevada.

As diferenzas salariais entre homes e mulleres na media da UE fóronse reducindo progresivamente. En España a evolución foi mínima, non só mantéñense unhas grandes diferenzas salariais, por razón de sexo, senón que a porcentaxe de mulleres con ingresos anuais superiores a 30.000 euros é moi reducida.

Ao longo de este capítulo queremos deixar reflexo da necesidade de adoptar medidas que reduzan as dificultades da muller para acceder e manter o emprego, a temporalidade, a precariedade, a desigualdade salarial e dificultades para conciliar a vida familiar, laboral e persoal. A estes elementos debe unirse a importante segregación ocupacional por sexos, o emprego feminino céntrase en determinadas ramas de actividade (segregación horizontal) e en determinadas categorías profesionais (segregación vertical).

Mais complicado parece que desapareza o “teito de cristal”: barreira invisible formada por unha complexa trama de estruturas en organizacións dominadas polos homes, que impiden que as mulleres accedan a postos de gran responsabilidade e recoñecemento social, e que en moitos casos crean que o elixiron elas libremente.

5.2. A muller na poboación galega

Neste capítulo atenderemos ao mercado de traballo de Galicia dende a perspectiva da posición que nel ocupan as mulleres. Comezaremos este achegamento á problemática da muller no mercado de traballo galego analizando a participación relativa da muller na poboación galega. As mulleres son maioría na poboación galega (así como na de cada unha das súas provincias) e na española, como se comproba co cadro 5.1. De cada 100 homes que hai en Galicia o día un de xaneiro de 2008, hai 107,1 mulleres; o dato na Coruña é de 107,9, en Lugo de 105,6, en Ourense de 107,6 e en Pontevedra de 106,6 (todos moi por enriba da media española: 102).

■ Cadro 5.1

Poboación de Galicia e España. Por sexo e provincias. 2008⁽¹⁾

	Ambos sexos	Varóns	Mulleres
España	46.063.511	22.798.661	23.264.850
Galicia	2.783.100	1.343.737	1.439.363
A Coruña	1.138.474	547.696	590.778
Lugo	355.406	172.848	182.558
Ourense	336.002	161.813	174.189
Pontevedra	953.218	461.380	491.838

(1) Datos provisionais

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Padrón de habitantes

No cadro 5.2 constatamos, con datos de EUROSTAT, que no ano 2007 había na Unión Europea aproximadamente 105 mulleres por cada cen homes (o dato varía lixeiramente segundo consideremos a eurozona, a UE-15 ou a UE-25), un valor intermedio entre o de Galicia e o de España.

■ Cadro 5.2

Mulleres por 100 homes. España e U.E. 1996/2007

	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
UE 27	105,4	105,4	105,4	105,4	105,4	105,4	105,3	105,2	105,1	105,0	105,0	104,9
UE 25	105,5	105,5	105,4	105,4	105,4	105,4	105,3	105,2	105,1	105,0	104,9	104,8
Euro-zona 13	105,2	105,2	105,2	105,2	105,1	105,1	105,0	104,9	104,8	104,7	104,6	104,5
Euro-zona 12	105,2	105,2	105,2	105,2	105,1	105,1	105,0	104,9	104,8	104,7	104,6	104,5
España	104,2	104,2	104,2	104,3	104,3	104,1	104,0	103,7	103,6	103,3	102,9	102,7

Fonte: EUROSTAT

A porcentaxe de mulleres sobre a poboación total en cada unha das comunidades autónomas (e no total estatal) dende 1998 figura no cadro 5.3. Destacaremos que no ano 2007:

- A porcentaxe de Galicia (51,72%) supera en 1,21 puntos á media estatal.
- Ningunha comunidade supera a porcentaxe de mulleres de Galicia
- Murcia e Castela-A Mancha (ademais das cidades autónomas: Ceuta e Melilla) teñen as menores porcentaxes.
- Ese mesmo cadro explícita que dende 1998 aumentou a porcentaxe de mulleres sobre a poboación total en Galicia en tres décimas (as mesmas que baixou a media

española); abriuse seis décimas, polo tanto, o diferencial entre as porcentaxes galega e estatal.

■ Cadro 5.3

Porcentaxe de mulleres sobre a poboación total. Por comunidades autónomas. 1998-2007

	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
Andalucía	50,70	50,82	50,83	50,74	50,69	50,61	50,57	50,45	50,37	50,36
Aragón	50,60	50,76	50,74	50,60	50,46	50,39	50,31	50,19	50,16	49,93
Asturias	51,48	52,04	52,03	52,02	52,03	52,02	52,03	52,04	52,05	50,02
Baleares	50,76	50,55	50,44	50,22	50,01	49,94	49,95	49,89	49,86	49,63
Canarias	50,19	50,28	50,19	50,01	49,92	49,86	49,85	49,79	49,83	49,90
Cantabria	51,05	51,28	51,3	51,27	51,23	51,19	51,17	51,13	51,09	50,96
C. A Mancha	50,38	50,38	50,37	50,24	50,11	50,01	49,93	50,60	49,75	49,44
C. e León	50,31	50,68	50,71	50,69	50,66	50,63	50,63	49,81	50,57	50,37
Cataluña	51,03	51,19	51,16	51,03	50,80	50,63	50,59	50,42	50,33	50,29
C. Valenciana	50,90	50,98	50,96	50,83	50,62	50,50	50,44	50,30	50,19	50,14
Extremadura	50,49	50,31	50,33	50,29	50,28	50,29	50,27	50,25	50,26	50,24
Galicia	51,41	51,92	51,96	51,92	51,90	51,86	51,84	51,82	51,81	51,72
Madrid	51,85	51,95	51,95	51,89	51,81	51,72	51,68	51,58	51,59	51,53
Murcia	50,76	50,50	50,39	49,95	49,78	49,59	49,64	49,31	49,13	49,31
Navarra	50,28	50,43	50,38	50,18	50,03	50,02	50,05	50,03	50,00	49,98
País Vasco	50,66	51,05	51,08	51,06	51,04	51,03	51,03	51,03	51,08	51,09
A Rioxa	50,34	50,40	50,43	50,26	50,01	49,90	49,85	49,61	49,55	49,50
Ceuta	50,62	49,64	48,84	48,63	48,53	48,76	48,95	49,10	49,14	49,12
Melilla		49,14	48,73	49,08	49,15	49,26	49,34	49,12	49,21	49,15
España	50,93	51,07	51,06	50,96	50,85	50,76	50,73	50,62	50,57	50,50

Fonte: INE. Padrón Municipal

A distribución por sexo de cada un dos grupos de idade en Galicia pode verse no cadro 5.4, que pon de manifesto que:

■ Os homes son maioritarios nos sete grupos de menor idade (ata o grupo: 30-34, inclusive).

■ As mulleres son maioritarias nos outros once grupos de idade e a diferenza a favor das mulleres vaise abrindo progresivamente a medida que avanzamos na idade (con algunha excepción, como de 45 a 54 anos) ata chegar a estar un 62,6% por enriba do número de homes no grupo: 80-84 anos e un 69,9% por enriba no de “85 e máis anos”.

A maior esperanza de vida das mulleres e a maior emigración dos homes están, sen dúbida, entre os factores explicativos.

Para ver se a primacía numérica da muller en Galicia se asenta en motivos biolóxicos ou hai unha causalidade social, pode observarse no cadro 5.5 que no último cuarto de século en todos e cada un dos anos naceron en Galicia máis homes que mulleres. Destacaremos os seguintes aspectos:

■ O importante descenso dos nacementos tocou fondo en 1998, ano no que o total de nacementos non chegou á metade dos de 1980 (quedou no 47,3%).

■ A partir do ano 2003 recuperouse o nivel dos 20.000 nacementos (por vez primeira dende 1993) e a partir do ano 2005 o dos 21.000 nacementos.

■ Cadro 5.4

Poboación de Galicia. Por idade (grupos quinquenais) e sexo. 2007

Idade	Galicia		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres
0 - 4	103.500	53.543	49.957
5 - 9	100.733	52.123	48.610
10 - 14	108.989	55.927	53.062
15 - 19	129.156	66.251	62.905
20 - 24	162.258	82.391	79.867
25 - 29	213.344	107.728	105.616
30 - 34	223.688	112.369	111.319
35 - 39	213.828	106.770	107.058
40 - 44	203.404	100.773	102.631
45 - 49	198.328	98.443	99.885
50 - 54	179.677	89.088	90.589
55 - 59	171.152	84.177	86.975
60 - 64	166.193	79.866	86.327
65 - 69	134.159	62.370	71.789
70 - 74	161.904	72.171	89.733
75 - 79	130.095	54.629	75.466
80 - 84	92.494	34.581	57.913
85 e máis	79.631	23.959	55.672
Total	2.772.533	1.337.159	1.435.374

Fonte: INE. Padrón municipal

■ Da diferenza entre homes e mulleres do ano 1980 (1.384 persoas) pasouse na actualidade a 676 nenos máis que nenas en 2007.

■ O ano coa menor diferenza entre nacemento de nenos e de nenas foi 1996 (con 461 persoas).


O pequeno aumento de nacementos que se constata en Galicia a partir de 1999 non se entende sen a chegada da inmigración estranxeira.

■ Cadro 5.5

Nacemento segundo o sexo do/a nacido/a.1980-2007. Galicia.

Ano	Homes	Mulleres	Ano	Homes	Mulleres
1980	20.269	18.885	1994	10.113	9.570
1981	19.206	17.094	1995	9.702	9.097
1982	17.964	16.250	1996	9.529	9.068
1983	16.452	15.597	1997	9.647	9.036
1984	15.702	14.835	1998	9.621	8.917
1985	14.682	13.745	1999	9.691	9.093
1986	13.517	12.661	2000	10.052	9.366
1987	13.360	12.464	2001	9.955	9.406
1988	12.671	11.887	2002	9.987	9.340
1989	12.146	11.446	2003	10.539	9.884
1990	11.552	10.949	2004	10.652	9.969
1991	11.331	10.596	2005	10.867	10.230
1992	11.149	10.484	2006	11.075	10.317
1993	10.956	10.328	2007	11.173	10.497

Fonte: IGE, INE. Movemento natural de poboación



No cadro 5.6 compróbase que, aínda que a poboación estranxeira en Galicia só representa o 1.99% do total de España, é a cuarta comunidade autónoma por porcentaxe de mulleres estranxeiras sobre o total dos estranxeiros que viven en Galicia. Supera en catro puntos a media estatal, despois de Asturias, Madrid e Melilla.

Poboación estranxeira. Porcentaxe de mulleres. Por CC.AA. 2002-2007

■ Cadro 5.6

	2002	2003	2004	2005	2007
España	47,01	46,90	47,08	46,60	47,10
Andalucía	46,56	46,52	46,94	45,92	46,43
Aragón	42,15	43,06	43,96	43,78	44,78
Asturias	54,74	53,97	53,98	54,08	53,44
Baleares	48,75	48,55	48,52	48,33	48,40
Canarias	48,76	48,42	48,37	48,05	48,59
Cantabria	52,35	51,71	51,72	50,95	50,56
Castela e León	50,66	50,15	49,86	49,02	48,10
Castela A Mancha	42,47	42,94	43,44	43,48	44,44
Cataluña	44,54	44,43	45,03	44,61	43,40
C. Valenciana	46,27	46,38	46,34	46,19	46,65
Extremadura	39,00	42,27	43,80	44,16	46,46
Galicia	52,81	52,33	52,48	52,16	51,34
Madrid	50,95	50,49	50,19	49,72	53,19
Murcia	36,72	38,46	40,59	39,80	41,29
Navarra	43,19	44,41	45,53	45,89	46,82
País Vasco	49,12	48,58	48,65	48,72	49,44
A Rioxa	41,07	42,03	42,70	42,14	43,21
Ceuta	47,15	47,05	50,19	49,75	51,29
Melilla	54,94	54,54	54,61	54,44	52,35

Fonte: INE. Explotación Estadística del Padrón

5.3. Muller e actividade económica de mercado

5.3.1. Introducción

Só nas últimas décadas a muller comezou a incorporarse maioritariamente en Galicia á actividade económica “de mercado”, posto que tradicionalmente realizou un importante traballo, pero non retribuído senón ligado prioritariamente á esfera doméstica (incluíndo ademais dos labores do fogar o coidado dos nenos e nenas, das persoas minusválidas, etc.). A invisibilidade deste traballo, que non computa na xeración do PIB, comezou a ceder paso no último cuarto de século por unha incorporación á vida activa similar á masculina nos grupos de idade máis novos, pero queda moito camiño por andar para que poidamos falar dun mercado laboral realmente equilibrado por sexos.

Xa vimos no capítulo anterior que as mulleres, malia ser máis que os homes entre a poboación de polo menos 16 anos, son moitas menos na poboación activa (e moi especialmente na ocupada), mentres que son maioría na poboación desempregada e na inactiva.

Podemos complementar ese cadro co 5.7, que detalla para as provincias galegas a distribución porcentual da poboación que ten polo menos dezaseis anos. Destacaremos que no ano 2007:

- A taxa de actividade maior alcázana os homes na provincia de Pontevedra (65,61%) e a menor é a das mulleres en Lugo (41,36%)
- A provincia con menor taxa de actividade masculina, Lugo, está por enriba en 7,5 puntos porcentuais, da de Pontevedra, que é a que ten maior taxa de actividade feminina.
- Nas catro provincias galegas a taxa de inactividade das mulleres non baixa do 51% (cando a maior dos homes chega ao 44%).
- Sobre a poboación activa, ningunha provincia descende do 93% de poboación ocupada nos homes, mentres que no colectivo feminino só Ourense alcanza esa porcentaxe e A Coruña só chega ao 88,67%.
- As taxas de desemprego de tres provincias galegas están arredor do 8,8%, mentres a maior dos homes queda no 5,2%.

Distribución porcentual da poboación de alomenos 16 anos. Pola relación coa actividade económica. Por sexo e provincia. 2006-2007

■ Cadro 5.7

		Taxas de actividade		Taxas de inactividade		% poboación ocupada s/ pob. activa		Taxas de desemprego	
		2006	2007	2006	2007	2006	2007	2006	2007
Ambos sexos	A Coruña	54,83	55,10	45,17	44,90	91,78	91,56	8,22	8,44
	Lugo	47,71	48,63	52,29	51,37	95,15	94,03	4,85	5,97
	Ourense	48,03	50,38	51,97	49,62	91,68	94,80	8,32	5,20
	Pontevedra	56,43	56,66	43,57	43,34	91,18	92,46	8,82	7,54
Homes	A Coruña	62,51	65,76	37,49	34,24	94,81	93,86	5,19	6,14
	Lugo	56,15	55,98	43,85	44,02	95,39	95,41	4,61	4,59
	Ourense	56,48	59,13	43,52	40,87	94,65	95,69	5,35	4,31
	Pontevedra	65,75	65,61	34,25	34,39	94,02	94,23	5,98	5,77
Mulleres	A Coruña	47,76	45,74	52,24	54,26	88,13	88,67	11,87	11,33
	Lugo	40,24	41,36	59,76	58,64	94,86	92,19	5,14	7,81
	Ourense	40,48	41,93	59,52	58,07	87,98	93,58	12,02	6,42
	Pontevedra	47,83	48,48	52,17	51,52	87,57	90,27	12,43	9,73

Fonte: INE, EPA do 4º trimestre

5.3.2. Actividade e inactividade

A moito menor taxa de actividade das mulleres en Galicia (e en cada unha das súas provincias) en relación coa dos homes xa foi obxecto de estudo no capítulo 4; para completar esa análise presentamos no cadro 5.8 as taxas de actividade no último bienio de homes e mulleres en cada unha das comunidades autónomas. Destacaremos que:

■ A taxa de actividade feminina no ano 2007 está en Galicia 2,97 puntos porcentuais por baixo da media española; no ano anterior o diferencial era de 2,7 en 2007 e 2,1 puntos en 2006.

■ A taxa de actividade masculina en 2007 de Galicia supera en máis de 17 puntos á feminina, pero está case seis puntos por debaixo da media estatal.

O estudo da poboación inactiva realizado no último epígrafe do capítulo 4 completáremolo aquí focalizando na perspectiva de xénero. O cadro 5.9 pon de manifesto que:

■ A principal situación de inactividade da muller galega é a de labores do fogar (un terzo das inactivas) mentres que esta situación de inactividade nos homes é sete veces menor.

■ A principal situación de inactividade dos homes en Galicia é a de xubilado ou prexubilado (co 63,1% dos inactivos), mentres que nas mulleres é a segunda (con só o 31,3%). A pequena proporción de mulleres que realizaron en décadas anteriores un traballo retribuído é a explicación principal deste importante desaxuste, que contribúe a que ser muller de idade avanzada se constituía hoxe nun dos principais factores de risco para formar parte das bolsas de pobreza.

■ O 13,5% das inactivas galegas son estudantes e a porcentaxe ascende o 17,2% entre os homes.

■ O cobramento das pensións de viuvez prioritariamente por mulleres (xa que en décadas anteriores os/as cotizantes á Seguridade social eran en proporción moi maioritaria os homes) explica que a porcentaxe de mulleres perceptoras de pensións diferentes ás ligadas á xubilación quintuplica o dos homes.

Taxa de actividade por sexo e comunidade autónoma. 2006-2007

■ Cadro 5.8

	Homes		Mulleres	
	2006	2007	2006	2007
España	69,00	69,27	48,56	48,94
Andalucía	67,96	68,20	43,22	44,67
Aragón	66,55	68,08	47,75	49,67
Asturias	59,01	59,53	41,28	42,39
Illas Baleares	71,97	73,74	53,39	54,44
Canarias	70,17	70,58	51,48	51,57
Cantabria	65,52	66,52	46,17	46,48
Castela A Mancha	63,58	68,95	43,48	43,02
Castela e León	68,88	64,03	41,83	43,57
Cataluña	72,00	72,18	53,03	53,11
C. Valenciana	70,68	70,52	50,01	49,95
Estremadura	64,37	64,34	40,40	41,64
Galicia	62,05	63,29	45,88	46,02
Madrid	73,59	73,17	55,86	55,30
Murcia	71,35	72,82	46,97	47,87
Navarra	70,42	70,88	51,25	50,90
País Vasco	67,42	66,90	49,79	48,86
A Rioxa	70,83	70,07	48,39	47,70
Ceuta	59,29	66,81	36,63	36,77
Melilla	67,44	68,42	36,40	40,45

Fonte: INE, EPA 4º trimestre
Unidades: Porcentaxe

A desagregación en dous grupos de idade do cadro 5.10 permítenos constatar que no máis novo (de 16 a 19 anos) as mulleres inactivas superan os homes inactivos nun 9,4%, mentres que a medida que avanzamos en idade, tamén o facemos en diferenza, ata chegar ao 49,4% no grupo de 45 a 54 anos.

Evidentemente, a incorporación máis igualitaria da muller ao mundo do traballo retribuído vaise producindo nos estratos de poboación máis novos.

Poboación inactiva. Por clase de inactividade, sexo e comunidade autónoma. 2007

Cadro 5.9

	Total	Estudiante	Xubilado/a ou prexubi- lado/a	Labores do fogar	Incapaci- tado/a permanente	Perceptor/a pensión distinta da xubilación (ou prexubilación)	Outras situacións ⁽¹⁾
Homes							
España	100	18,3	61,0	4,6	7,8	3,5	4,8
Andalucía	100	20,4	54,0	5,6	9,6	3,9	6,6
Aragón	100	15,0	72,0	2,7	6,1	2,2	2,0
Asturias	100	14,2	67,5	1,4	9,7	3,1	4,0
Baleares	100	16,8	55,0	8,9	7,6	6,2	5,4
Canarias	100	21,0	48,2	8,8	10,4	4,2	7,4
Cantabria	100	19,6	63,9	2,9	7,5	3,0	3,1
C. A Mancha	100	17,2	65,4	2,8	6,0	4,2	4,3
C. León	100	16,2	69,6	2,1	4,9	3,7	3,4
Cataluña	100	15,4	63,1	5,4	7,4	4,1	4,5
C. Valenciana	100	16,6	62,1	5,9	8,5	3,1	3,8
Extremadura	100	20,7	58,1	4,5	7,8	3,5	5,4
Galicia	100	17,2	63,1	4,6	9,3	2,8	3,0
Madrid	100	22,8	60,4	3,6	4,7	3,0	5,5
Murcia	100	20,0	58,9	4,0	9,6	2,8	4,7
Navarra	100	18,3	65,4	4,6	6,8	2,9	2,0
País Vasco	100	18,4	64,8	3,0	8,7	2,2	2,9
A Ríoxa	100	16,5	68,2	2,4	5,7	3,8	3,4
Ceuta	100	22,6	37,4	3,7	16,6	2,2	17,5
Melilla	100	21,2	50,5	3,0	6,4	10,7	8,2
Mulleres							
España	100	12,6	17,1	47,2	6,0	15,7	1,4
Andalucía	100	13,7	12,4	50,1	6,9	15,5	1,4
Aragón	100	12,0	17,2	47,4	6,1	16,6	0,8
Asturias	100	11,0	20,2	43,3	7,4	17,0	1,0
Baleares	100	11,8	20,0	45,9	4,5	15,3	2,6
Canarias	100	16,5	10,2	49,2	6,9	16,2	1,1
Cantabria	100	12,0	19,7	45,6	5,8	15,3	1,6
C. A Mancha	100	11,9	8,4	57,1	5,6	15,3	1,8
C. León	100	12,4	17,3	48,6	4,3	16,0	1,4
Cataluña	100	10,2	21,6	45,3	3,9	17,3	1,7
C. Valenciana	100	11,8	19,8	45,8	7,4	14,3	1,0
Extremadura	100	15,2	9,8	49,5	6,7	17,9	1,0
Galicia	100	13,5	31,3	33,4	7,9	13,2	0,7
Madrid	100	13,0	16,4	48,0	4,9	14,9	2,7
Murcia	100	12,6	16,1	49,1	8,4	12,7	1,1
Navarra	100	12,6	15,6	45,7	5,1	19,3	1,7
País Vasco	100	12,4	14,3	48,5	5,2	18,1	1,4
A Ríoxa	100	11,3	17,8	51,7	4,2	13,7	1,3
Ceuta	100	11,9	4,8	59,1	8,0	11,9	4,3
Melilla	100	13,0	5,3	57,2	4,0	17,6	2,8

(1) A categoría "Outra situación" inclúe aos inactivos/as que non mencionan ningunha situación de inactividade e declaran estar buscando emprego ou traballar

Datos en porcentaxes, respecto da poboación inactiva total de cada comunidade autónoma

Inactivos/as por grupo de idade, sexo e comunidade autónoma. Valores absolutos. Galicia 2007

■ Cadro 5.10

		Homes	Mulleres	Total
Total	2005	421,9	689,1	1.111,0
	2006	428,1	672,5	1.100,6
	2007	417,3	671,6	1.088,9
De 16 a 19 anos	2005	43,5	44,6	88,1
	2006	40,7	44,8	85,5
	2007	35,0	42,3	77,3
De 20 a 24 anos	2005	28,2	36,1	64,3
	2006	29,3	37,3	66,6
	2007	27,9	39,8	67,6
De 25 a 34 anos	2005	21,2	43,6	64,8
	2006	21,5	39,9	61,4
	2007	21,7	37,1	58,8
De 35 a 44 anos	2005	15,8	58,8	74,6
	2006	15,2	48,2	63,4
	2007	14,5	49,8	64,3
De 45 a 54 anos	2005	23,7	75,0	98,8
	2006	25,4	68,1	93,6
	2007	20,9	61,7	82,6
De 55 a 64 anos	2005	65,1	105,9	171,0
	2006	68,6	106,0	174,7
	2007	68,5	110,3	178,8
De 65 e máis anos	2005	224,4	325,1	549,5
	2006	227,2	328,3	555,5
	2007	228,8	330,7	559,5

Fonte INE

5.3.3. Emprego e desemprego

Dentro da poboación activa inclúese tanto a que esta traballando (poboación ocupada) como a que busca emprego activamente (poboación desempregada).

A distribución porcentual da poboación ocupada por sexos e sectores económicos en cada unha das comunidades autónomas para o ano 2007 figura no cadro 5.11; nel destacaremos, no referido a Galicia e ao total español, que:

■ O 77,3% das mulleres con emprego en Galicia traballan no sector servizos (en España alcanza o 85,4%).

■ A porcentaxe de mulleres que traballan en Galicia no sector agro-pesqueiro case triplica á media española de mulleres, mentres que nos homes non chega a duplicalo.

■ A sub-representación da muller por sectores económicos é especialmente clamorosa na construción, actividade na que só chega ao 2,2% de ocupación, sendo aínda máis baixa a media estatal.

-■ No capítulo 4 pode comprobarse que a taxa de ocupación da muller en Galicia continúa estando moi por baixo da masculina.

Distribución porcentual dos ocupados/as por sector económico, comunidade autónoma e sexo. 2007

■ Cadro 5.11

		Total	Agricultura	Industria	Construción	Servizos
Andalucía	Homes	100,0	8,6	13,1	23,7	54,6
	Mulleres	100,0	6,3	5,3	1,5	86,9
Aragón	Homes	100,0	8,4	26,2	18,3	47,1
	Mulleres	100,0	2,3	13,2	2,1	82,5
Asturias	Homes	100,0	4,8	24,4	19,2	51,5
	Mulleres	100,0	4,5	7,5	1,8	86,2
Balears	Homes	100,0	3,0	13,3	26,1	57,7
	Mulleres	100,0	1,1	4,5	1,7	92,7
Canarias	Homes	100,0	4,1	7,9	24,7	63,3
	Mulleres	100,0	2,9	3,2	1,9	92,0
Cantabria	Homes	100,0	4,1	24,7	21,7	49,5
	Mulleres	100,0	3,2	7,9	2,1	86,8
C. A Mancha	Homes	100,0	9,3	20,7	25,5	44,5
	Mulleres	100,0	3,3	11,1	1,9	83,7
C. León	Homes	100,0	9,8	23,0	19,7	47,6
	Mulleres	100,0	3,9	9,6	2,1	84,5
Cataluña	Homes	100,0	3,1	27,3	20,4	49,2
	Mulleres	100,0	1,0	14,1	1,9	83,0
C. Valenciana	Homes	100,0	4,7	24,3	23,4	47,6
	Mulleres	100,0	1,8	13,2	2,2	82,8
Extremadura	Homes	100,0	13,7	14,8	22,0	49,5
	Mulleres	100,0	5,7	6,4	2,0	86,0
Galicia	Homes	100,0	8,9	22,8	20,0	48,3
	Mulleres	100,0	8,3	12,2	2,2	77,3
Madrid	Homes	100,0	1,2	13,8	17,3	67,7
	Mulleres	100,0	0,5	7,4	1,7	90,5
Murcia	Homes	100,0	11,5	18,2	26,0	44,2
	Mulleres	100,0	7,4	11,3	2,3	79,0
Navarra	Homes	100,0	6,4	31,1	19,9	42,6
	Mulleres	100,0	1,7	15,9	2,2	80,2
País Vasco	Homes	100,0	1,8	34,4	15,7	48,0
	Mulleres	100,0	1,1	10,5	0,9	87,5
A Rioxa	Homes	100,0	7,7	32,5	18,7	41,1
	Mulleres	100,0	1,8	17,0	1,4	79,9
España	Homes	100,0	5,6	20,4	21,2	52,8
	Mulleres	100,0	3,0	9,8	1,8	88,4

Datos en porcentaxe
Fonte: INE, EPA. 4º trimestre

As taxas de desemprego en 2007 en cada unha das comunidades españolas e desagregación por sexos figuran no cadro 5.12, que mostra que:

■ A taxa de desemprego das mulleres é case a dobre que a dos homes en Galicia e con 4,48 puntos de diferenza coa media española.

■ As taxas de desemprego feminino son especialmente altas en Ceuta, Melilla, Extremadura e Andalucía (en todas elas supera o 17%).

■ A taxa de desemprego feminino máis baixa tena Navarra e o seu valor (6,94%) supera á taxa media de desemprego masculino de España (6,37%).

Taxas de desemprego. Por sexo e comunidade autónoma. 2007

■ Cadro 5.12

	Homes	Mulleres
España	6,37	10,85
Andalucía	9,48	17,62
Aragón	3,77	7,23
Asturias	6,42	11,09
Baleares	5,83	8,53
Canarias	8,52	13,05
Cantabria	4,45	7,87
C. A Mancha	5,03	11,78
C. León	4,76	10,63
Cataluña	5,58	7,83
C. Valenciana	6,87	11,37
Extremadura	9,14	18,97
Galicia	5,72	10,04
Madrid	4,93	7,97
Murcia	6,01	9,97
Navarra	3,18	6,94
País Vasco	4,80	7,82
A Ríoxa	3,88	8,30
Ceuta	15,47	28,75
Melilla	12,06	28,05

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre

A desagregación por grupos de idade de taxas de desemprego de Galicia e España que presentamos no cadro 5.13, reflexa que:

■ As taxas de desemprego dos menores de 25 anos duplica (polo menos) á dos maiores desa idade, tanto en homes coma en mulleres e tanto en Galicia coma no total español.

■ A taxa de desemprego en Galicia do estrato máis novo de mulleres (as menores de 25 anos) alcanzou o 20,54%, 1,4 puntos e medio por enriba do valor (xa altísimo) que ten este grupo poboacional na media estatal.

Taxa de desemprego. Por sexo e grupos de idade. Galicia/España 2006-2007

■ Cadro 5.13

		Total		Menores de 25 anos		De 25 e máis anos	
		2006	2007	2006	2007	2006	2007
Homes	España	6,06	6,37	14,12	15,24	5,09	5,31
	Galicia	5,42	5,72	11,54	12,89	4,77	4,93
Mulleres	España	11,36	10,85	22,51	21,94	9,88	9,42
	Galicia	11,30	10,04	24,84	20,54	10,14	9,09

Datos en porcentaxe
Fonte: INE, EPA, 4º trimestre

5.4. Demandas de emprego e paro rexistrado

Demandantes son os traballadores e traballadoras que se inscriben nos servizos públicos de emprego para a busca dun emprego ou mellorar o que posúen, para recibir outros servizos alleos ao emprego (orientación para o autoemprego, formación ocupacional) ou pola obrigatoriedade de inscribirse para recibir unha Prestación por Desemprego ou Subsidio.

Os/as demandantes de emprego clasifícanse en determinados colectivos de pertenza e así calcúlase por exclusión a cifra de paro rexistrado, ao poder reunir a demanda dun traballador/a dous ou máis situacións. Estableceuse a seguinte orde de preferencia contabilizándose un demandante no primeiro colectivo que aparece:

- Demandantes inscritos sen dispoñibilidade
- Demandantes de emprego non parados:
 - Demandantes con baixa dispoñibilidade para o emprego
 - Demandantes ocupados ou con relación laboral
 - Demandantes dun emprego específico
 - Outros demandantes sen emprego/non ocupados
- Demandantes de emprego parados

Parados/as. Por idade e sexo. Galicia. 2007

■ Cadro 5.14

	Nº parados/as		
	Mulleres	Homes	Total
16 a 19	1.771	2.214	3.985
20 a 24	6.418	5.452	11.870
25 a 29	11.589	7.904	19.493
30 a 34	13.219	6.953	20.172
35 a 39	12.699	6.006	18.705
40 a 44	11.333	5.436	16.769
45 a 49	10.994	5.507	16.501
50 a 54	10.349	5.878	16.227
55 a 59	10.399	7.099	17.498
60 a 64	7.121	6.641	13.762
Total	95.892	59.090	154.982

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

As demandas de emprego pendentes de demandantes parados/as en 2007 foron 154.982. Deles o 38,13% correspondía ao colectivo de homes (España 41,56%) e o 61,87% ao de mulleres (España 58,43%). Por tramos de idade, no grupo de mulleres, son as de entre 30-34 anos (13,79%), 35-39 (13,24%) e 25-29 (12,08%) as que máis demandas acumulan; mentres que no dos homes son os de 25-29 anos (13,38%), 55-59 (12,01%) e 30-34 (11,77%).

O máis significativo é a abafadora diferenza do número de mulleres que demanda emprego sen conseguilo ao finalizar o ano 2007, fronte ao colectivo de homes.

Parados/as. Por nivel académico e sexo. Galicia. 2007

Cadro 5.15

	Nº parados/as		
	Mulleres	Homes	Total
Ata Ctfcado. Escolaridade*	33.088	25.928	59.016
Titulación ensino obrigatorio	30.159	17.835	47.994
Formación Profesional	13.313	6.213	19.526
BUP/ Bacharelato Superior/COU	8.967	5.465	14.432
Titulados universitarios	10.305	3.616	13.921
Outras titulacións	60	33	93
Total	95.892	59.090	154.982

Fonte: Institut *Inclúe certificado de escolaridade, primarios sen certificado e sen estudos

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións o Galego das Cualificacións

Centrándonos no nivel de estudos as diferenzas non son tan apreciables xa que nos dous grupos, é o colectivo de “Ata certificado de Escolaridade”, os que acumulan o maior número de demandas pendentes de demandantes parados. As mulleres 34,50% e homes 43,88%. As mulleres con estudos universitarios teñen un peor comportamento en canto ás demandas de emprego pendentes chegando ao 10,75%, fronte ao 6,12% de homes.

Cadro 5.16

Demandas de emprego pendentes de demandantes parados/as.
Segundo grupo principal de ocupación. Por provincias. Decembro 2007

	Homes				Mulleres			
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
A Dir. AAPP e emp.>10 ASA.	273	42	63	270	129	18	20	111
B Xer. emp. <10 ASA.	55	8	17	47	19	4	5	22
C Xer. emp. sen asalar..	6	0	2	6	0	0	0	0
D 2º e 3º ciclo univ.	977	176	196	768	2.137	422	466	1.544
E 1º ciclo universitario	369	140	111	305	1.255	387	353	951
F Técnicos e prof. de apoio	2.853	653	594	2.468	2.751	715	679	2.266
G Empleados/as tipo admin.	1.312	309	455	1.152	5.483	1.320	1.654	4.783
H Trab. serv. restaur.	1.218	332	362	1.153	5.948	1.837	2.344	5.142
I Trab. serv. prot. e seg.	334	216	205	218	49	52	34	64
K Depen. com. e asimil.	605	151	199	604	6.046	1.631	1.933	6.268
L Trab. cual. agricult.	1.307	407	505	1.227	468	141	224	760
M Trab. cual. constr.	4.713	1.220	1.337	3.799	85	44	33	88
N Trab. cual. industrias.	1.930	428	439	1.851	30	12	37	54
P Trab. cual. art. graf.	457	157	169	404	1.812	281	388	2.397
Q Operador inst. indus.	849	218	328	1.052	2.866	159	730	1.860
R Cond. oper. maq. movil	1.602	660	601	1.524	106	44	23	140
S Trab. non cu. servi.	1.242	298	316	890	7.517	1.699	2.555	6.589
T Peóns agricultura	3.738	1.133	1.526	3.475	1.895	331	710	2.951
U Forzas armadas	29	9	7	19	9	5	3	4
TOTAL	23.869	6.557	7.432	21.232	38.605	9.102	12.191	35.994

Fonte: SPEE - INEM

Por grupo principal de ocupación, as mulleres demandantes de emprego paradas, solicitan en maior número as seguintes ocupacións:

- Traballadoras non cualificadas de servizos, 18.360 (19,15%) (España 21,23%)
- Dependenta de comercio e asimilados 15.878 (16,56%)

■ Traballadoras de servizos de restauración 15.217 (15,87%)

■ Empregadas de Administración 13.240 (13,81%)

■ Técnicas e profesionais de apoio 6.411 (6,68%)

As profesións que requiren estudos universitarios son demandadas nun 7,83%. Hai que ter en conta que as demandantes con estudos universitarios tamén demandan profesións de nivel inferior, ao non ter grandes expectativas de atopar traballo nas profesións para as que están formadas.

No colectivo masculino, a profesión mais demandada segue sendo “Traballadores cualificados da construción” con 11.069 demandantes parados 18,73% (España 19,47% fronte ao 16,88% de 2006), seguida de peóns agrícolas con 9.872 demandantes 16,71% (España 23,79%). Seguen sendo profesións reservadas aos homes.

As profesións que requiren titulación universitaria supoñen o 5,14% das demandas. Apréciase unha diferenza significativa con respecto ás mulleres, o que parece apoiar o maior acceso das mulleres aos estudos de nivel superior.

Parados/as. Por actividade económica e sexo. Galicia. 2007

■ Cadro 5.17

	Nº parados/as		
	Mulleres	Homes	Total
A Agricultura, gandería, caza e selvicultura	1.168	1.405	2.573
B Pesca	420	2.002	2.422
C Industrias extractivas	259	441	700
D Industria manufacturera	15.640	7.811	23.451
E Produc. e distribuc. de enerxía eléctrica e gas	113	224	337
F Construción	2.038	14.887	16.925
G Comer., repar. vehíc. motor, motocicl. e art. persoal	13.593	5.261	18.854
H Hostalaría	11.892	3.421	15.313
I Transporte, almacenamento e comunicacións	1.575	2.707	4.282
J Intermediación financeira	444	251	695
K Activid. Inmob. e de aluguer, servizos empresar.	14.774	8.188	22.962
L Admon. pública, defensa e SS obrigatoria	5.016	3.522	8.538
M Educación	2.299	815	3.114
N Activid. sanitarias e veterinarias, servizos sociais	3.674	490	4.164
O Outras activid. soc. e de serv. Prest. á comunidade	4.820	1.843	6.663
P Fogares que empregan persoal doméstico	833	54	887
Q Organismos extraterritoriais	12	10	22
X Sen sección asociada	17.322	5.758	23.080
Total	95.892	59.090	154.982

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

En canto á sección da actividade económica hai que destacar como un dos datos máis significativos que as mulleres galegas paradas que demandan emprego “sen emprego anterior”, alcanza o 18,06% (17,64% en 2006) fronte ao 9,74% (9,60% en 2006) de homes. Vólvese poñer de relevo a dificultade de inserción laboral da muller. A actividade de “industria manufacturera” é a mais demandada cun 16,31%, seguida de “actividades inmobiliarias” cun 15,41%, “comercio” cun 14,17% e de “hostalaría” con 12,40%. En España en primeiro lugar cun 21,60% Actividade Inmobiliaria e de Alugueres, segundo Outras actividades empresariais cun 19,92%

e terceiro Comercio con 12,24%. A categoría de “sen emprego anterior” supuxo un 13,07% (moi significativa a diferenza con Galicia).

Ao igual que vimos coas ocupacións mais demandadas, é a “construción” a sección de actividade económica onde o colectivo de homes concentra en maior medida as súas expectativas laborais, cun 25,19% (28,20% en España), seguido de actividade “inmobiliarias e de alugueres” co 13,86% e das “industrias manufactureiras” co 13,22%.

Aínda que se aprecian actividades económicas igualmente demandadas por homes e mulleres, seguen existindo outras reservadas case exclusivamente ás mulleres, como “persoal domestico” (0,87% mulleres) (0,09% homes), “hostalaría” (12,40% mulleres e 5,79% homes), “educación” (2,40% mulleres e 1,38% homes), e “actividades sanitarias e de servizos sociais” (3,83% mulleres e 0,83% homes).

**Demandas de emprego pendentes de demandantes parados/as.
Segundo idade e duración da demanda e sexo, por provincias. Decembro 2007**

■ Cadro 5.18

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
HOMES					
> 25 anos					
< 1 mes	670	209	188	742	1809
De 1 a <= 6 meses	1628	488	526	1744	4386
De > 6 meses a <= 1 ano	358	136	118	394	1006
De máis de 1 ano	199	44	70	152	465
Total	2855	877	902	3032	7666
< 25 anos					
< 1 mes	3341	825	847	3152	8165
De 1 a <= 6 meses	7400	1945	2097	7524	18966
De > 6 meses a <= 1 ano	2981	793	946	2530	7250
De máis de 1 ano	7292	2117	2640	4994	17043
Total	21014	5680	6530	18200	51424
Total	23869	6557	7432	21232	59090
MULLERES					
> 25 anos					
< 1 mes	583	185	167	668	1603
De 1 a <= 6 meses	1588	569	507	1784	4448
De > 6 meses a <= 1 ano	424	189	176	415	1204
De máis de 1 ano	387	106	155	286	934
Total	2982	1049	1005	3153	8189
< 25 anos					
< 1 mes	3.424	787	807	3.451	8.469
De 1 a <= 6 meses	10.390	2.758	2.825	10.342	26.315
De > 6 meses a <= 1 ano	4.990	1.211	1.551	4.349	12.101
De máis de 1 ano	16.819	3.297	6.003	14.699	40.818
Total	35.623	8.053	11.186	32.841	87.703
Total	38.605	9.102	12.191	35.994	95.892

Fonte: SPEE-INEM

As mulleres maiores de 25 anos representa o 91,46% (En España 1.127.912 sobre 1.218.599) das demandas pendentes de demandantes parados/as fronte ao 87.703, 56% dos homes (86% en España). Aínda que nos dous casos, para o colectivo de maiores de 25 anos é máis difícil inserirse no mercado laboral, é sensiblemente máis difícil se se é muller: O 46,54% das mulleres maiores de 25 anos permanecen máis dun ano como demandantes de emprego (33,14% homes) o 30% (36,88 homes), entre un e seis meses.

Demandas de emprego pendentes
Segundo clasificación da demanda. Por sexo e por provincias. Decembro 2007

■ Cadro 5.19

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
HOMES	Non parados					
	Con dispoñibilidade limitada	1.599	523	632	1.679	4.433
	Con relac. Laboral	607	257	140	854	1.858
	Ocupados	5.075	1.140	1.213	3.108	10.536
	Demandan empregos específicos	36	8	8	21	73
	Outros non ocupados	495	157	174	358	1.184
	Total	7.812	2.085	2.167	6.020	18.084
Parados		23.869	6.557	7.432	21.232	59.090
Total		31.681	8.642	9.599	27.252	77.174
MULLERES	Non paradas					
	Con dispoñibilidade limitada	1.270	302	451	1.306	3.329
	Con relac. Laboral	1.391	137	149	1.303	2.980
	Ocupadas	5.401	2.112	2.514	5.403	15.430
	Demandan empregos específicos	49	8	10	30	97
	Outras non ocupadas	1.339	318	472	949	3.078
	Total	9.450	2.877	3.596	8.991	24.914
Paradas		38.605	9.102	12.191	35.994	95.892
Total		48.055	11.979	15.787	44.985	120.806
Total		79.736	20.621	25.386	72.237	197.980

Fonte: SPEE-INEM

Se observamos as demandas de emprego pendentes segundo clasificación da demanda, as mulleres paradas representa o 79,38% (76,56% homes), o resto son demandantes non paradas.

Dentro do colectivo de demandantes non paradas as demandantes de emprego non ocupadas representan o 12,35% (homes 6,55%). As demandas de emprego sen emprego/non ocupadas son aquelas que reclaman un traballo por período inferior a 3 meses, de xornada inferior a 20 horas semanais e estudantes menores de 25 anos ou que demandan o emprego se teñen máis de 25 anos. Habería que analizar se a demanda deste tipo de traballos (inferior a 3 meses, a tempo parcial) é debido a unha elección propia ou como consecuencia da dificultade de conciliar a vida laboral e familiar.

Para finalizar faremos unha referencia ás baixas na demanda de emprego. As baixas por colocación representa o 57,89% (España 56,68%) no grupo de mulleres, fronte ao 58,91% no dos homes, botando novamente un peor comportamento coas mulleres.

Os seguintes cadros do Instituto Galego de Cualificacións dannos unha visión resumida do perfil tipo das paradas/os en Galicia no ano 2007.

**Baixas de demandas de emprego.
Segundo causa da baixa. Por sexo e por provincias. Decembro 2007**

■ Cadro 5.20

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
HOMES	aixas por colocación					
	Con oferta previa	149	107	95	171	522
	Sen oferta previa	2.209	554	530	2.160	5.453
	Total	2.358	661	625	2.331	5.975
	Non renovación	1.486	397	442	1.423	3.748
	Outras causas	125	66	29	199	419
	Total	3.969	1.124	1.096	3.953	10.142
Total		31.681	8.642	9.599	27.252	77.174
MULLERES	Baixas por colocación					
	Con oferta previa	338	163	140	207	848
	Sen oferta previa	3.397	935	829	3.073	8.234
	Total	3.735	1.098	969	3.280	9.082
	Non renovación	2.322	684	734	2.156	5.896
	Outras causas	203	119	47	341	710
	Total	6.260	1.901	1.750	5.777	15.688
Total		79.736	20.621	25.386	72.237	197.980

Fonte: SPEE-INEM

Perfil dos parados/as en xeral. Ano 2007. Galicia

■ Cadro 5.21

Descrición	Perfil tipo
Sexo	Muller
Grupo de idade	30 a 34
Nivel académico	Ata Certificado Escolaridade
Sección da clasific. CNAE	Industria manufacturera
Subsector	Outros servizos
Tempo busca emprego	Menos de 6 meses
Ocupación máis demand. no ámbito feminino a 4 díx.	Persoal de limpeza de oficina, hoteis e outros estab.
Ocupación máis demand. no ámbito masculino a 4 díx.	Peóns da construción
Ocupación máis demand. no ámbito feminino a 8 díx.	Persoal de limpeza ou limpador, en xeral
Ocupación máis demand. no ámbito masculino a 8 díx.	Peón da construción de edificios

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

**Perfil tipo dos parados/as de longa duración
menores de 25 anos. Galicia. 2007**

■ Cadro 5.22

Descrición	Perfil tipo
Sexo	Muller
Grupo de idade	20 a 24
Nivel académico	Titulación Ensino Obrigatorio
Sección da clasificación CNAE	Sen sección asociada

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

**Perfil tipo dos parados/as de longa duración
maiores de 25 anos. Galicia. 2007**

■ Cadro 5.23

Descrición	Perfil tipo
Sexo	Muller
Grupo de idade	55 a 59
Nivel académico	Ata certificado de Escolaridade*
Sección da clasificación CNAE	Industria manufacturera

*Inclúe certificado de escolaridade, primarios sen certificado e sen estudos

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

5.5. Ofertas de emprego

Os Servizos Públicos de Emprego ofrecen a posibilidade de contratar traballadoras a través dos seus servizos, para iso os empresarios poden dirixirse a calquera oficina de emprego, preferentemente a que corresponde ao domicilio da Empresa ou centro de traballo principal. Na Oficina de Emprego informaranse e facilitaránlle o documento de solicitude de traballadores, que deberán encher indicando:

- Características do posto
- Condicións das candidatas (neste apartado é onde se pode establecer o requirimento dun sexo como requisito)
- Tipo de contrato
- Forma, lugar e data de selección das traballadoras.

Unha vez presentada a oferta, a Oficina de Emprego, mediante consulta ao seu banco de datos, envíalle ao empresario unha preselección de candidatas aptas, a priori, para que sexan entrevistadas por el mesmo.

Non obstante, a Oficina de Emprego, tamén pode efectuar a selección das candidatas mediante probas profesionais e/ou psicolóxicas.

Os empresarios están obrigados a solicitar á Oficina de Emprego as traballadoras que necesite contratar, unicamente cando se queira acoller á medidas de fomento de emprego.

As traballadoras contratadas ao amparo dalgunha destas medidas, deberán levar inscritas na Oficina de Emprego o tempo que determine cada modalidade de contrato.

Aínda que como establece o artigo 4º-2c) do E.T “En relación co traballo, os traballadores teñen dereito:

- c) “A non ser discriminados para o emprego ou unha vez empregados, por razóns de sexo...”

Existe nas ofertas tramitadas nos Servizos Públicos de Emprego, a posibilidade de realizalos con ou sen requirimento de sexo, necesario nalgúns casos segundo a medida de fomento de emprego elixida.

Ofertas con requirimento de sexo e sen este requirimento. Valores porcentuais. Galicia. 2007

■ Cadro 5.24

Sexo	Nº de ofertas
Home	22,76
Muller	13,80
Sen requirimento	63,44

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

A maioría das ofertas, non presentan requirimento de sexo (63,34%) pero o 36,56% restante distribúense do seguinte xeito: homes 22,76% e mulleres 13,8%.

**Ofertas con requirimento de sexo e sen requirimento por seccións (Clasificación CNAE).
Galicia. 2007**

■ 5.25

	Muller	Home	Sen requirimento	Total
A Agricultura, gandería, caza e selvicultura	52	187	466	705
B Pesca	10	65	101	176
C Industrias extractivas	2	41	73	116
D Industria manufacturera	348	1.575	2.476	4.399
E Produc. e distribuc. enerxía eléctrica e gas	4	8	48	60
F Construción	138	4.025	4.014	8.177
G Comer., repar. vehíc. a motor, motocicl. e art. persoal	1.186	1.916	3.854	6.956
H Hostalería	1.645	254	2.943	4.842
I Transporte, almacenamento e comunicacións	65	491	806	1.362
J Intermediación financeira	35	4	246	285
K Actividades inmobiliarias e de aluguer, servicios empresar.	665	927	3.166	4.758
L Admon. pública, Defensa e seguridade social obrigatoria	154	54	3.376	3.584
M Educación	115	73	1.683	1.871
N Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	335	45	1.306	1.686
O Outras activid. sociais e de serv. Prestados á comunidade	793	175	2.635	3.603
P Fogares que empregan persoal doméstico	296	9	135	440
Q Organismos extraterritoriais	-	-	-	-
X Sen sección asociada	135	9	156	300
Total	5.978	9.858	27.484	43.320

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

Neste cadro apréciase como a sección de actividade con mais requirimento feminino é a hostalaría (1.645 ofertas) (27,52%), seguida do comercio (1.186 ofertas) (19,84%) e doutras actividades sociais e de servizos prestadas á comunidade (793 ofertas) (13,26%).

En canto aos requirimentos masculinos, é a construción a que se sitúa no primeiro lugar (40,83%), seguido do comercio, reparación de vehículos a motor e artigos persoais (19,84%) e industrias manufactureras co 15,98%.

As ofertas presentadas sen requirimento de sexo danse maioritariamente en construción, comercio, actividades inmobiliarias e administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria.

Por ocupacións mais ofertadas con requirimento de sexo feminino, destaca en primeiro lugar Camareiras (16,99%), Dependentas (13,92%) e Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos (9%). Cando o requirimento de sexo é masculino, en primeiro lugar atopamos a ocupación de Albanel, seguida de Carpinteiros e Condutores de Camión.

Parece reproducirse tamén nas ofertas presentadas nos Servizos Públicos de Emprego o mesmo esquema de actividades económicas e ocupacións que xa vimos nas demandas de emprego e que veremos nas contratacións, volvendo poñer de manifesto que hai unha serie de actividades e profesións destinadas ás mulleres e outras reservadas aos homes.

■ Cadro 5.26

Ocupacións máis ofertadas con requirimento de sexo feminino. Galicia. 2007

Descrición	Mulleres
Camareiros/as, bármanes e asimilados/as	1.016
Dependentes/as e exhib. en tendas, almac., quiosc. e merc.	832
Pers. limpeza ofic., hoteis (camareiros/as de piso) e outros estab. simil.	538
Perruqueiros/as, espec. en trat. beleza e trab. asimilados/as	522
Empregados/as do fogar	450
Cociñeiros/as e outros/as preparadores/as de comidas	380
Taquígrafos/as e mecanógrafos/as	370
Asistentes/as domiciliarios	202
Secretarios/as administ. e asimilados/as	122
Representantes de comercio e técnicos de vendas.	82
Total das dez ocupacións máis ofertadas	4.514
Total das ocupacións ofertadas	5.978

Ocupacións máis ofertadas con requirimento de sexo masculino. Galicia. 2007

Descrición	Mulleres
Albais e canteiros	1.190
Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)	624
Condutores de camiós	602
Peóns de contrución de edificios	564
Peóns de transporte e descargadores	459
Fontaneiros e instaladores de tubos	344
Electricista de construción e asimilados	336
Pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados	331
Mecánicos e axustadores de vehículos de motor	282
Soldadores e oxicortadores	275
Total das dez ocupacións máis ofertadas	5.007
Total das ocupacións ofertadas	9.858

Ocupacións máis ofertadas sen requirimento de sexo. Galicia. 2007

Descrición	Mulleres
Camareiros/as, bármanes e asimilados.	1.740
Albais e canteiros/as	1.441
Representantes de comercio e técnicos/as de venda.	1.215
Taquígrafos/as e mecanógrafos/as	1.125
Cociñeiros/as e outros preparadores de comida.	977
Dependentes/as e exhibidores/as en tendas, almacéns, quioscos e mercados	855
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	759
Condutores/as de camiós	688
Perruqueiros/as, especialistas en tratamento de beleza e traballadores/as asimilados/as.	674
Carpinteiros/as (agás carpinteiros/as de estruturas metálicas).	630
Total das dez ocupacións máis ofertadas	10.104
Total das ocupacións ofertadas	27.484

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

5.6. Contratos de traballo

Neste capítulo utilizaremos os cadros elaborados polo Instituto Galego das Cualificacións, que se ben teñen unha pequena variación, nos totais, cos facilitados polo SPEE-INEM, consideramos que esta diferenza non é significativa e os cadros serven para ilustrar de forma resumida a situación da contratación feminina.

No capítulo 7, dedicado á contratación móstranse os datos facilitados polo SPEE-INEM por tipos de contratos e sexo, que servirán como información complementaria para este capítulo.

No ano 2007 a contratación feminina supuxo o 47,24% do total da contratación, tanto de contratos iniciais, como conversión en indefinidos e adscricións en colaboración social. Se o distribuímos os contratos iniciais supuxeron o 47,52%, as conversións o 42,47% e as adscricións o 42,13% do total de ambos os dous sexos, sempre por debaixo da contratación masculina.

■ Cadro 5.27

Contratados. Por idade e sexo. Galicia. 2007

Idade	Nº contratados		
	Mulleres	Homes	Total
16 a 19	18.384	33.039	51.423
20 a 24	85.071	90.840	175.911
25 a 29	95.173	98.977	194.150
30 a 34	67.406	71.600	139.006
35 a 39	49.431	50.173	99.604
40 a 44	39.034	39.446	78.480
45 a 49	27.921	31.295	59.216
50 a 54	16.117	21.193	37.310
55 a 59	6.769	11.915	18.684
60 a 64	2.852	7.009	9.861
65 ou máis anos	232	755	987
Total	408.390	456.242	864.632

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

Se facemos unha análise por idades, observamos como o tramo de idade con maior contratación foi o de 25-29 anos (95.173 contratos), seguido do de 20-24 anos (85.447 contratos).

Ao comparar os datos por idades do grupo de mulleres, co dos homes, chama a atención, que se ben en todos os grupos de idade a contratación masculina supera a feminina, hai grupos onde a diferenza case se duplica. O grupo de mulleres de 16-19 anos só rexistrou 18.384 contratos, fronte aos 33.039 de homes. O de 50-54 anos rexistrou 16.117 contratos de mulleres e 21.193 de homes, o de 55-59 anos rexistrou 6.769 contratos femininos fronte a 11.915 masculinos. Nos grupos de idade intermedios é onde menos diferenzas se presentan, estas son máis acusadas nos tramos de menor idade e nos de maior idade.

Outra característica dos contratos concertados con mulleres é que o son maioritariamente no sector servizos.

Segundo o seguinte cadro do Instituto Galego das Cualificacións o 88,76% (87,70% en 2006) das mulleres traballadoras galegas exercen a súa profesión no sector servizos. O segundo sector de importancia é a industria onde traballa o 8,69% (9,66% en 2006). Na agricultura e construción a representación feminina é moi escasa.

O sector servizos é o único onde a contratación feminina supera a masculina representando un 55,82% do total dos contratos realizados neste sector. Dentro

deste sector é o comercio e a hostalaría a que concentra maior número de mulleres traballadoras con 114.140 traballadoras contratadas en 2007 fronte ao total do sector servizos de 362.505 (349.763 en 2006).

Contratos nos sete grandes subsectores de actividades económicas. (clasificación CNAE) por sexo. Galicia. 2007

■ Cadro 5.28

	Mulleres	Homes
Sector primario	4.059	17.253
Agricultura e pesca	4.059	17.253
Sector secundario	35.508	56.739
Industria	35.324	56.271
Electricidade	184	468
Sector construción	6.318	95.361
Construción	6.318	95.361
Sector servizos	362.505	286.889
Comercio e hostalaría	114.140	64.448
Transporte e comunicacións	20.989	51.162
Outros servizos	227.376	171.279
Total	408.390	456.242

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

Contratos sectoriais por seccións (clasificación CNAE) e sexo. Galicia. 2007

■ Cadro 5.29

	Mulleres	Homes	Total
A Agricultura, gandería, caza e selvicultura	3.195	7.694	10.889
B Pesca	864	9.559	10.423
C Industrias extractivas	310	1.948	2.258
D Industria manufacturera	35.014	54.323	89.337
E Produc. e distribuc. de enerxía eléctrica e gas	184	468	652
F Construción	6.318	95.361	101.679
G Comer., repar. vehíc. a motor, motocicl. e art. persoal	58.789	36.259	95.048
H Hostalaría	55.351	28.189	83.540
I Transporte, almacenamento e comunicacións	20.989	51.162	72.151
J Intermediación financeira	3.385	2.371	5.756
K Activid. Inmob. e de aluguer, servizos empresar.	116.094	106.303	222.397
L Admon. pública, defensa e SS obrigatoria	17.521	9.729	27.250
M Educación	14.139	7.505	21.644
N Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	42.789	6.262	49.051
O Outras activid. sociais e de serv. Prestad. á comunidade	33.200	39.021	72.221
P Fogares que empregan persoal doméstico	240	85	325
Q Organismos extraterritoriais	8	-	-
Total	408.390	456.239	864.621

A distribución do emprego feminino está moi ligada ás ocupacións que desempeñan, por iso é importante analizar como se distribúen os empregos segundo a ocupación.

Se ben é certo que hai pouca representación de mulleres en postos de Dirección de Empresas e AA. PP., só o 34,58% fronte ao 65,42% de homes, as porcentaxes igúalanse en técnicas e profesionais científicos e intelectuais (50,94% de mulleres). O maior número de mulleres con formación superior ou universitaria está a ter reflexo no mercado de traballo, e a medio ou longo prazo ten que repercutir en que pasen a ocupar postos de dirección e polo tanto, tamén repercutan nos niveis salariais.

Contratos asociados aos grandes grupos de ocupación por sexo. Galicia. 2007

■ Cadro 5.30

	Nº Contratos
1 Dirección das empresas e das administracións públicas	2.383
Muller	824
Home	1.559
2 Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	67.162
Muller	34.216
Home	32.946
3 Técnicos e profesionais de apoio	74.482
Muller	34.405
Home	40.077
4 Empregados/as de tipo administrativo	78.387
Muller	57.888
Home	20.499
5 Traballadores/as dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores/as dos comercios	194.449
Muller	146.288
Home	48.161
6 Traballadores/as cualificados/as na agricultura e na pesca	13.172
Muller	3.849
Home	93.323
7 Artesáns e traballadores/as cualificados/as das industrias manufactureiras, da construción e da minería, agás os operadores/as de instalacións e maquinaria	124.670
Muller	21.566
Home	103.104
8 Operadores/as de instalacións, maquinaria e montadores/as	85.064
Muller	18.820
Home	66.244
9 Traballadores/as non cualificados/as	224.863
Muller	90.534
Home	134.329
Total contratos	864.632
Total mulleres	408.390
Total homes	456.242

Fonte: Instituto Galego da Cualificacións

Outro grupo de ocupación con grande representación feminina é o dos empregadas de tipo administrativo, co 73,76% (73,39% en 2006).

A forte presenza da muller no sector servizos, e especialmente no comercio e na hostalaría, tamén ten o seu reflexo nos grandes grupos de ocupación, así as mulleres son maioría co 75,23% (74,49% en 2006) no grupo de traballadoras dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio.

Entre as traballadoras cualificados das industrias manufactureiras, na construción, e na minaría a presenza da muller é moi escasa, só o 17,30% e no grupo de traballadoras non cualificadas, a representación masculina (59,74%) tamén é moi superior á feminina (40,12%).

Podemos concluír que, no referente aos grupos de ocupación existen dúas tendencias:

■ Un grupo maioritario que desempeña as súas funcións como empregada administrativa, ou como traballadora de servizos de restauración, persoais e do comercio.

■ Un grupo minoritario, que grazas á obtención dun título universitario, ocupan postos como técnicos e profesionais científicos e intelectuais.

Como expuxemos ao inicio deste apartado, a contratación masculina no 2007 foi superior á feminina e foino especialmente nos contratos indefinidos ordinarios, onde a contratación feminina supuxo o 41,07%. Non obstante nos contratos indefinidos de fomento do emprego a contratación a mulleres en 2007 só chegou ao 47,25% fronte aos 62,21% do 2006.

■ Cadro 5.31

**Contratos indefinidos acollidos a medidas de fomento da contratación.
Segundo sexo, idade e provincias. 2007**

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	2619	3.388	3.141	891	2.415	2.518	3.280	3.191	775	1.446	23.664
Lugo	795	756	658	211	726	782	793	803	232	496	6.252
Ourense	687	643	627	209	673	677	647	710	229	443	5.545
Pontevedra	2.531	2.818	2.818	726	2.197	2.306	2.820	2.659	651	1.278	20.804
Total	6.632	7.605	7.244	2.037	6.011	6.283	7.540	7.363	1.887	3.663	56.265

Fonte: SPEE - INEM. Contratos rexistrados

■ Cadro 5.32

**Contratos indefinidos acollidos a medidas de fomento da contratación segundo
colectivo de bonificación por provincias. Ano 2007**

	Total	Mulleres desempregadas	Mulleres contratadas 24 meses seguintes o parto	Desempreg. Inscrit. 6 ou máis meses	Desempreg. maiores 45 anos	Mozos de 16 a 30 anos	Materni- dade, adopción e acollemento	Minusva- lidos	Traballado- res/as en risco de exclusión social	Conversión a indefinido acollido a bonif.	Outros colec- tivos	Non bonificados
A Coruña	23.664	2.712	66	144	1.531	2.093		524	15	5.173	2	11.404
Lugo	6.252	926	26	35	609	581		117		1.219	1	2.738
Ourense	5.545	850	27	44	496	637		130	1	1.092	3	2.265
Pontevedra	20.804	2.539	89	105	1.538	1.923		399	7	4.156	2	10.046
Galicia	56.265	7.027	208	328	4.174	5.234	0	1.170	23	11.640	8	26.453

Fonte: SPEE - INEM. Contratos rexistrados

A contratación segundo modalidade e sexo pódese consultar nos cadros do Capítulo 7.

Hai determinadas modalidades de contratación con maior peso feminino e outras onde o peso dos homes é moito maior. Entre os claramente femininos destacar os de interinidade (73,53%) e os que se realizan a tempo parcial (61,18%). Os de fomento do emprego, tradicionalmente femininos no 2007 case se igualan aos concertados con homes. Este ano, por segunda vez, o contrato en prácticas realizado a mulleres (51,46%) supera lixeiramente, os concertados con homes.

O cadro do Instituto Galego das Cualificacións da tipoloxía contractual por sexo e idade no 2007, aínda que non distingue todas as modalidades contractuais, serve de resumo para comparar a situación dos dous grupos no ámbito contractual.

O que máis destaca, é o maior peso da xornada parcial no grupo de mulleres, tanto en contratos indefinidos (3,04%) como temporais (29,10%).

■ Cadro 5.33

	Muller	Home
Indefinido	30.159	51.132
Indefinido tempo parcial	12.421	4.996
Temporal	232.800	309.049
Temporal tempo parcial	118.844	65.109
Prácticas / Formación	8.489	11.438
Outros	5.677	14.518
TOTAL	408.390	456.242

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

Os contratos temporais, tanto a xornada completa como parcial, alcanzan no colectivo feminino o 89,57% da contratación a mulleres, mentres que no colectivo masculino chega ao 87,70%.

Os contratos indefinidos, tanto a xornada completa como parcial, supuxeron o 10,42% nas mulleres e o 12,31% nos homes.

Mantense a tendencia dos últimos anos onde a contratación feminina está caracterizada por unha maior temporalidade e un maior uso de contrato a tempo parcial.

5.7. Formación

Outro factor importante a ter en conta na inserción da muller no mundo do traballo é, sen dúbida, a formación académica á que accede o alumnado feminino como fase previa ao seu acceso ao mercado laboral.

Neste apartado imos tratar tanto a formación regrada, como a formación ocupacional. Dentro da formación regrada centrarémonos nos ciclos formativos de FP Grao Superior, Bacharelato e Titulacións Universitarias, por consideralos máis significativos, e para iso imos utilizar os datos facilitados polo INE. Para a análise da formación ocupacional utilizaremos os datos facilitados polo Instituto Galego das Cualificacións.

No alumnado matriculado nos ciclos formativos de FP Grao Superior, observamos para o curso 2005-2006 (últimos datos facilitados polo INE), o 51,73% dos alumnos/as eran mulleres (50,23% en España), porcentaxe lixeiramente superior ao de homes. Esta porcentaxe sobe se facemos referencia ao alumnado que finalizou estes ciclos formativos para o curso 2004-2005 (últimos datos proporcionados polo INE): o 55,60% dos que finalizaron os seus estudos foron mulleres, fronte ao 44,40% de homes.

■ Cadro 5.34

**Alumnado matriculado en ciclo formativo de FP grao superior,
por sexo. Curso 2005 / 2006. Galicia - España**

	Total	Homes	Mulleres
Galicia	16.656	8.040	8.616
España	211.523	105.271	106.252

Unidade: nº de alumnos/as

Fonte: INE

Alumnado que rematou ciclos formativos de FP de grao medio e superior. Curso 2004 - 2005. Galicia / España

■ Cadro 5.35

	Todos os centros					
	Ciclos formativos de FP de grao medio			Ciclos formativos de FP de grao superior		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres
España	73.898	34.629	39.269	80.758	37.459	43.326
Galicia	5.332	2.730	2.602	6.155	2.733	3.422

Unidades: nº de alumnos/as

Fonte: INE

O alumnado matriculado en Bacharelato, segundo o INE no curso 2005-2006, mostra que as mulleres matriculadas representa en Galicia o 56,53% (55,20% en España), superior en 13,06% á media masculina do 43,47% (44,80% en España).

Tanto nos ciclos formativos de FP Grao Superior, como en Bacharelato, se aprecian uns resultados lixeiramente superiores das mulleres galegas sobre o conxunto do total das CCAA.

O alumnado que rematou o Bacharelato no curso 2004-2005 segundo o INE, mostraron que o 58,70% deles eran mulleres (57,60% en España), fronte ao 41,30% de homes (42,40 en España), confirmándose novamente a maior formación do colectivo feminino para enfrontarse ao mundo do traballo.

Alumnado matriculado en bacharelato, por sexos. Curso 2005 - 2006. Galicia / España

■ Cadro 5.36

	Ambos sexos	Varons	Mulleres
Galicia	568.985	254.889	314.096
España	35.227	15.312	19.915

Unidade: nº de alumnos/as

Fonte: INE

■ Cadro 5.37 **Alumnado que rematou bacharelato en Centros Públicos, por sexo. Curso 2004 - 2005. Galicia / España**

	CENTROS PÚBLICOS									
	Ambos sexos ⁽¹⁾					Mulleres ⁽¹⁾				
	Total	Artes	Ciencias da Natureza e da Saúde	Humanidades e Ciencias Sociais	Tecnoloxía	Total	Artes	Ciencias da Natureza e da Saúde	Humanidades e Ciencias Sociais	Tecnoloxía
España	137.206	5.781	56.096	63.860	11.469	82.120	4.062	30.925	44.562	2.571
Galicia	10.648	325	4.954	4.335	1.034	6.503	242	2.853	3.157	251

Notas: (1) Inclúe os resultados dos rexímenes ordinario e de adultos/nocturno

Unidades: nº de alumnos/as

Fonte: INE

No ensino Universitario en Galicia, segundo o INE, para o curso 2006-2007, o alumnado feminino era superior ao masculino, chegando ao 57,36%.

A porcentaxe media do 57,36% varía moito segundo a especialidade elixida:

a) Estudos de Licenciatura: 64,44% de mulleres matriculadas:

■ As especialidades máis demandadas polas mulleres son:

Dereito
 Administración e Dirección de empresa
 Filoloxía
 Ciencias Biolóxicas
 Medicina
 Psicoloxía

**Alumnado matriculado en Ensino Universitario,
 por tipo de estudio e sexo. Curso 2006 - 2007. Galicia**

■ Cadro 5.38

	Total	Mulleres
Total	71.960	41.279
Estudos de licenciatura	33.951	21.880
Estudos de Arquitectura e Enxeñaría	9.413	3.332
Estudos de Arq. E ing. Tecnicos	11.258	3.437
Estudos de diplomatura	17.138	12.509

Unidades: nº de alumnos/as
 Fonte: INE

■ Especialidades onde o alumnado feminino é maioritario, ademais das anteriores:

Documentación: 87,01%
 Tradución e interpretación: 85,30%
 Pedagogía: 83,79%
 Psicoloxía: 82,05%
 Ciencias Técnicas dos alimentos: 75,90%
 Periodismo: 75,09%

b) Estudos de arquitectura e enxeñaría: As mulleres só o solicitan no 35,40% dos casos.

c) Estudos de Arquitectura e Enxeñaría Técnica: A matrícula feminina representa o 30,53%.

d) Diplomaturas: as solicitudes de matrícula das alumnas supón o 72,99%.

■ As especialidades máis demandadas son:

Mestre/a
 Ciencias empresariais
 Enfermaría

■ As especialidades con máis alta representación feminina son:

Logopedia: onde o alumnado feminino
 é case o único, co 93,22%
 Terapia ocupacional: 93,85%
 Enfermaría: 86,13%
 Traballo social: 85,30%
 Fisioterapia: 77,59%

Como se pode observar, seguen existindo titulacións e especialidades reservadas case exclusivamente ás mulleres, aínda que parece que pouco a pouco vanse producindo movementos cara a outras áreas.

**Alumnado que rematou os estudos universitarios,
por tipo de estudo e sexo. Curso 2006 - 2007. Galicia**

■ Cadro 5.39

	Total	Mulleres
TOTAL	10.032	6.491
Estudos de licenciatura	4.333	3.037
Estudos de archit. e enxeñ.	1.176	430
Estudos de Arq. E Enx. Técnicas	1.375	506
Estudos de Diplomatura	3.138	2.512

Unidades: nº de alumnos/as

Fonte: INE

É moi significativo constatar que do alumnado que finaliza os seus estudos universitarios, o 64,70% son mulleres:

- a) Estudos de licenciatura: Foron rematados polo 70,09% de mulleres fronte ao 29,31% de homes.
- b) Estudos de arquitectura e enxeñaría: Finalizáronos o 36,56% de mulleres e o 63,44% de homes.
- c) Estudos de arquitectura e enxeñaría técnica: o 36,80% de mulleres remataron os seus estudos.
- d) Estudos de diplomatura: Do total de alumnos, o 80,05% dos diplomados/as foron mulleres.

É de destacar que se ben o 57,36% dos matriculados/as eran mulleres, do total de alumnos/as que finalizaron os seus estudos, o colectivo feminino supuxo o 64,70%, fronte ao 35,30% de homes.

5.8. Poder e toma de decisións

A idea de participación equilibrada de homes e mulleres nos procesos de toma de decisións incorporouse progresivamente en recomendacións de Nacións Unidas, Unión Europea e Consello de Europa. Este último, adoptou a recomendación dunha participación feminina non inferior ao 40% en calquera órgano de decisións para alcanzar o devandito equilibrio, e esa porcentaxe foi establecida como mínima na lexislación nacional, por medio da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, para alcanzar unha composición equitativa en todos os ámbitos claves da toma de decisións.

En 2006 a representatividade que teñen as mulleres na Administración do Estado só alcanzou o 20% (Secretarios de Estado, Subsecretarios e Directores Xerais). As porcentaxes son inferiores no caso dos representantes do Goberno en provincias (15%), en CC.AA. (10,5%) e en países estranxeiros (o 6,9% das embaixadas).

Outra mostra do papel da muller no poder e na toma de decisións, é a súa presenza nas alcaldías e gobernos autonómicos.

A porcentaxe de alcaldesas nos concellos do noso país creceu un 2% respecto da lexislatura anterior. Por CCAA, a maior porcentaxe nese posto osténtao a

Comunidade de Madrid (19,6%), seguida da Comunidade Foral Navarra (17,7%) e Castela -A Mancha (17,5%). Producíronse incrementos significativos no País Vasco, Cantabria e Comunidade Valenciana. A porcentaxe máis baixa de mulleres, teno Galicia co 7,96%.

■ Cadro 5.40

Altos cargos da Administración. España

		1995	1996	1999	2000	2001	2002	2004	2006 ⁽²⁾	2007
Ambos sexos	Total	326	332	305	345	354	347	368	554	371
	Ministras/os ⁽¹⁾	15	14	14	16	16	16	16	18	16
	Secretarías de Estado	20	25	24	26	26	27	25	31	25
	Subsecretarías**	22	57	61	66	69	68	72	77	16
	Secretarías Xerais									24
	Outros órganos con rango de subsecretaría									33
	Direccións Xerais***	269	235	205	209	214	209	227	428	219
% Mulleres	ACSR*				27	28	27	28	0	38
	Total	14,42	10,54	12,13	15,65	16,38	16,14	22,28	20,94	25,88
	Ministras	20,00	28,57	14,29	18,75	18,75	18,75	50,00	50,00	43,75
	Secretarías de Estado	25,00	0,00	4,17	3,85	3,85	3,70	12,00	22,58	20,00
	Subsecretarías**	9,09	7,02	8,20	19,70	18,84	22,06	22,22	24,68	62,50
	Secretarías Xerais									25,00
	Outros órganos con rango de subsecretaría									9,09
	Direccións Xerais***	13,75	11,49	14,15	16,75	16,36	15,79	23,35	18,93	26,48
	ACSR*				7,41	21,43	14,81	7,14	0,00	18,42

Fonte: Instituto da Muller a partir de datos facilitados polo Ministerio das Administracións Públicas.

(1) Nos datos proporcionados polo Ministerio das Administracións Públicas existen dous cargos con rango de Ministro, un no Ministerio de Xustiza e outro en Organismos Públicos.

(2) A partir de 2006, ao total de Ministras/os sumáronse 2 con rango asimilado o de estas/os. Asimismo as tablas incorporan as Direccións Xerais das Empresas públicas, entendéndose como tales aquelas nas que o Estado ostenta a maioría. No 2006 o número de Direccións Xerais nestas empresas son 59 das cales 7 encontráronse ocupadas por mulleres.

* Este grupo está formado por algúns Altos Cargos de Entes Públicos que son nombrados polo Goberno, aínda que non teñan rango administrativo concreto. A partir do 2006 os datos aparecen desagregados polo rango.

Participación de mulleres en representantes do Goberno en provincias e comunidades autónomas. España 2007

■ Cadro 5.41

TOTAL	Ambos sexos	% de Mulleres
	124	17,7
Delegados/as do Goberno nas comunidades autónomas	19	10,5
Secretarios/as Xerais das Delegacións do Goberno	19	15,8
Subdelegados/as do Goberno nas comunidades autónomas	44	15,9
Secretarios/as Xerais das subdelegacións do Goberno	30	20,0
Directores/as Insulares da A.G.E.	7	28,6
Secretarios/as Xerais Direccións Insulares	5	40,0

Fonte: Fichero de Altos Cargos (FICESA). Elaborado polo INE

Nota: a tabla fai referencia a postos ocupados, non a postos existentes ou dispoñibles

Distribución por sexo en embaixadas. España 2007

■ Cadro 5.42

TOTAL	Varóns	Mulleres	% de Mulleres
	135	10	6,9
Embaixadores/as españoles/as no estranxeiro.	118	9	7,1
Embaixadores/as - Representantes Permanentes.	17	1	5,6

Fuente: Mulleres en Cifras. MTAS. Instituto da Muller. INE

■ Cadro 5.43

Alcaldías, según CCAA

	1983	1987	1991	1995	1999	2003	2007
Total	8051	7739	8086	8096	8105	8073	8075
Andalucía	764	751	768	770	769	770	770
Aragón	727	707	729	729	730	730	731
Asturias	78	72	78	78	78	78	78
Illas Baleares	66	62	67	67	67	67	67
Canarias	87	81	87	87	87	87	87
Cantabria	102	98	102	102	102	102	102
Castela e León	2250	2147	2248	2248	2247	2243	2242
Castela e A Mancha	915	903	915	915	919	915	919
Cataluña	940	924	942	944	946	944	946
Extremadura	380	377	380	382	382	381	383
Galicia	312	295	313	314	315	314	314
Madrid	178	173	179	179	179	179	179
Murcia	45	43	45	45	45	45	45
Navarra	264	208	271	272	272	257	243
A Ríoxa	174	162	174	174	174	174	174
C. Valenciana	534	505	540	540	541	538	542
País Vasco	235	231	248	250	250	247	251
Ceuta e Melilla					2	2	2
Total	2,04	3,22	4,86	6,53	9,61	12,56	14,60
Andalucía	2,10	2,10	1,82	3,90	7,80	13,12	15,97
Aragón	1,80	2,50	4,94	6,86	9,45	11,92	13,41
Asturias	3,80	4,20	3,85	3,85	6,41	12,82	14,10
Illas Baleares	1,50	1,60	7,46	10,45	8,96	10,45	8,96
Canarias	1,10	1,20	2,30	2,30	4,60	10,34	12,64
Cantabria	3,90	5,10	3,92	2,94	3,92	6,86	11,76
Castela e León	2,30	3,90	5,47	7,56	10,77	13,11	13,60
Castela e A Mancha	2,10	3,80	6,78	8,63	13,38	15,85	17,52
Cataluña	1,60	2,70	3,61	4,66	6,98	9,96	12,68
Extremadura	3,20	3,70	4,21	5,76	7,59	12,07	15,67
Galicia	1,90	2,70	3,51	4,46	3,17	4,46	7,96
Madrid	2,20	4,60	8,38	10,61	11,73	17,88	19,55
Murcia	8,90	2,30	4,44	6,67	6,67	8,89	13,33
Navarra	0,40	3,80	5,17	5,15	11,03	14,79	17,70
A Ríoxa	2,90	3,70	5,75	8,05	8,05	12,64	10,34
C. Valenciana	0,60	1,40	3,52	6,11	11,65	12,64	17,53
País Vasco	2,60	4,30	9,27	8,80	12,00	14,57	19,92
Ceuta e Melilla					0,00	0,00	0,00

Fonte: Instituto da Muller

Nalgunhas comunidades como A Ríoxa e Illas Baleares, a presenza da muller descendeu.

No cadro 5.44 vemos a participación feminina nos Gobernos Autonómicos. Aínda que en termos globais a participación das mulleres aumentou, non en todas as CCAA foi así: nas Illas Baleares reduciuse do 46,15% ao 42,86%, en Cataluña do 31,25% ao 26,67% e en Galicia a redución foi de 10 puntos.

A maior representación feminina atopámola en Extremadura (61,54%) e a menor en Murcia e Melilla (25%).

Nos Gobernos da Unión Europea as mulleres teñen unha representación do 22,62%, pero existen grandes diferenzas dependendo dos países. Así en Finlandia a participación é repartida ao 50% entre homes e mulleres, mentres que Eslovenia ten o 5,88%, Eslovaquia o 6,25% e Chipre o 0%.

Cadro 5.44

Mulleres nos Gobiernos Autonómicos

		1996	1997	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
Total Alcaldías: Ambos sexos	Total Presidentas/es	19	19	19	19	19	19	19	19	19	19	19
	Total Consellerías	163	165	166	191	197	199	198	203	207	206	206
	Consellerías											
	Andalucía	11	13	13	13	14	14	14	14	14	14	14
	Aragón	6	6	6	9	8	9	9	10	10	10	10
	Asturias	6	6	6	11	11	11	11	10	10	10	10
	Illas Baleares	9	10	11	11	13	13	13	12	12	13	13
	Canarias	10	10	10	10	10	9	8	10	10	10	10
	Cantabria	10	9	9	9	9	9	9	10	10	10	10
	Castela e León	8	8	8	8	8	8	8	10	10	10	10
	Castela e A Mancha	9	9	9	11	10	10	10	15	13	12	12
	Cataluña	14	13	13	14	15	15	16	10	16	16	16
	Extremadura	8	8	8	9	10	10	11	15	10	10	11
	Galicia	11	11	11	12	14	14	14	11	14	12	12
	Madrid ⁽¹⁾	7	7	7	9	9	11	11	9	11	12	10
	Murcia	8	7	7	8	9	9	9	11	9	9	12
	Navarra	9	10	10	10	10	10	9	9	11	11	10
	A Ríoxa	6	6	6	7	7	7	7	10	9	9	9
	C. Valenciana	8	9	9	10	10	10	10	10	10	12	12
	País Vasco	10	10	10	10	10	10	11	11	11	11	9
	Ceuta	7	7	7	11	11	11	9	7	7	7	7
	Melilla	6	6	6	9	9	9	9	9	10	10	9
% Mulleres	Presidentas	0	0	0	0	0	0	0	5,26	5,26	5,26	5,26
	Conselleiras	11,33	13,16	13,86	15,71	20,30	19,10	20,20	28,57	32,37	35,44	39,74
	Conselleiras											
	Andalucía	27,27	23,08	23,08	23,08	42,86	42,86	42,86	42,86	57,14	57,14	57,14
	Aragón	0	0	0	11,11	12,50	11,11	11,11	30,00	30,00	30,00	36,36
	Asturias	16,67	16,67	16,67	27,27	27,27	18,18	18,18	40,00	40,00	40,00	50,00
	Illas Baleares	11,11	10,00	18,18	18,18	30,77	23,08	23,08	41,67	41,67	46,15	42,86
	Canarias	0	10,00	10,00	0	0	0	0	30,00	30,00	30,00	45,45
	Cantabria	10,00	11,11	11,11	11,11	11,11	11,11	11,11	30,00	30,00	30,00	30,00
	Castela e León	25,00	25,00	25,00	12,50	25,00	25,00	25,00	40,00	30,00	30,00	46,15
	Castela e A Mancha	11,11	11,11	22,22	27,27	40,00	30,00	30,00	26,67	46,15	50,00	50,00
	Cataluña	7,14	7,69	7,69	21,43	20,00	13,33	18,75	30,00	31,25	31,26	26,67
	Extremadura	0	0	0	11,11	30,00	30,00	27,27	13,33	30,00	30,00	61,54
	Galicia	9,09	9,09	9,09	8,33	14,29	14,29	14,29	18,18	14,29	50,00	40,00
	Madrid	14,29	14,29	14,29	22,22	22,22	27,27	27,27	22,22	27,27	33,33	35,29
	Murcia	12,50	14,29	14,29	0	0	11,11	11,11	18,18	33,33	33,33	25,00
	Navarra	0	10,00	10,00	10,00	10,00	10,00	11,11	22,22	9,09	9,09	35,71
	A Ríoxa	16,67	16,67	16,67	14,29	14,29	14,29	14,29	20,00	22,22	22,22	27,27
	C. Valenciana	12,50	22,22	11,11	20,00	20,00	20,00	20,00	20,00	20,00	25,00	26,67
	País Vasco	20,00	20,00	20,00	20,00	20,00	20,00	27,27	27,27	45,45	45,45	50,00
	Ceuta	14,29	14,29	14,29	27,27	27,27	18,18	22,22	57,14	57,14	57,14	50,00
	Melilla	16,67	16,67	16,67	0	0	11,11	11,11	22,22	20,00	20,00	25,00

Fonte: Instituto da Muller a partir de datos do Ficheiro de Altos Cargos (FICESA)

(1) En Madrid dende o 2004 a Presidencia ostenta a Ilma. Sra. D^a Esperanza Aguirre

España vaise achegando á distribución igualitaria co 47,06% de mulleres.

Os datos ofrecidos nalgúns dos cadros anteriores e seguintes non están desagregados por CCAA, pero aínda así os seus resultados son significativos e extrapolables, aínda que con particularidades, á situación galega.

Mulleres nos Gobernos da Unión Europea.(*)
■ Cadro 5.45

	2006	
	Membros do Goberno	% de Mulleres no Goberno
Total	504	22,62
Belxica	21	23,81
Dinamarca	19	26,32
Alemania	16	37,50
Grecia	20	15,00
España	17	47,06
Francia	32	18,75
Irlanda	17	17,65
Italia	29	24,14
Luxemburgo	15	20,00
Países Baixos	17	29,41
Austria	19	31,58
Portugal	17	11,76
Finlandia	18	50,00
Suecia	22	45,45
Reino Unido	27	25,93
R. Checa	18	11,11
Estonia	14	14,29
Chipre	12	0,00
Letonia	19	31,58
Lituania	13	7,69
Hungria	18	11,11
Malta	18	16,67
Polonia	22	18,18
Eslovenia	17	5,88
Eslovaquia	16	6,25
Países Candidatos		
Bulgaria	—	—
Croacia	15	26,67
Rumania	16	18,75

Fonte: Instituto da muller a partir de datos das embaixadas dos distintos países

No Cadro 5.46 do Instituto da Muller sobre funcionarios de carreira e nivel de complemento de destino do 2006 observamos:

- A porcentaxe de funcionarías é maior (52,87%) que o de funcionarios.
- Nos niveis máis baixos, como o 12, 13, 14 ou 16 o % de mulleres funcionarías é sensiblemente superior ao de homes, alcanzando a máxima diferenza no nivel 14 co 73,15% de mulleres.
- A medida que subimos na escala, o número de mulleres vai diminuindo, ata chegar ao nivel 30, onde só o 27,21% son mulleres.
- O único nivel onde a diferenza é mínima é o nivel 24, cun 50,73% de mulleres.

Funcionarios/as de Carreira, según nivel de complemento de destino. España

Cadro 5.46

	Datos absolutos: Ambos Sexos					% de Mulleres				
	2002	2003	2004	2005	2006	2002	2003	2004	2005	2006
	149.014	147.152	145.669	147.018	149.013	51,95	52,01	52,27	52,67	52,87
Total										
30	1.871	1.877	1.953	2.030	2.051	23,36	24,77	25,09	26,90	27,21
29	1.921	2.036	2.113	2.244	2.382	22,07	23,33	23,99	25,04	27,58
28	5.417	5.787	6.000	6.202	6.381	29,17	30,24	32,33	34,21	35,34
27	2.900	2.745	2.661	2.579	2.558	34,34	35,88	35,96	36,80	37,06
26	10.198	10.561	10.996	11.342	11.735	41,68	42,46	43,30	44,33	45,74
25	789	768	702	728	931	23,95	23,96	24,93	25,55	32,22
24	11.737	11.709	12.074	13.229	12.827	48,45	49,06	49,92	50,46	50,73
23	961	879	1.227	1.259	1.348	36,00	37,09	40,75	40,98	42,51
22	10.782	11.129	10.585	9.939	11.391	44,98	44,62	45,63	46,10	47,57
21	1.186	1.228	1.226	1.200	1.217	33,05	33,14	31,97	33,33	32,95
20	5.470	5.783	5.747	5.924	5.620	46,33	46,64	46,56	46,44	48,27
19	1.189	1.219	1.231	1.252	1.332	10,77	10,50	9,75	9,50	10,06
18	16.559	17.276	17.022	19.921	21.060	59,09	59,89	60,87	59,72	60,18
17	4.122	4.339	4.339	4.292	5.471	21,71	20,93	19,98	20,13	31,33
16	14.364	13.776	14.220	12.788	13.694	64,28	65,51	65,20	70,86	70,73
15	16.718	16.373	17.140	17.425	17.108	35,34	36,68	37,62	37,95	37,45
14	22.648	22.335	23.386	22.091	20.641	72,13	73,06	74,06	73,74	73,15
13	2.312	2.216	2.012	1.855	1.704	72,23	72,80	73,71	73,48	73,12
12	16.794	14.163	10.169	9.932	8.872	68,92	68,56	67,34	67,96	67,71
11	2	1				50,00	0,00			
10	966	844	757	675	577	19,88	0,00	21,53	22,37	19,76
9	1									
8										
7										
Outros	107	108	109	111	113	2,80	1,85	2,75	5,41	7,96

Fonte: Instituto da muller

Unha distribución similar á Administración Pública en canto a mulleres e homes, encontrámola reflectida na empresa privada. Só o 31,80% das Direccións de Empresa ou da Administración Pública, están ocupados por mulleres e cunha escasísima variación dende 1998.

Na Xerencia de empresas con máis de 10 traballadores só hai un 21,30% de mulleres e nas de menos de 10 traballadores, un 27,19%. Non obstante, cando a muller traballa soa, como autónoma, sen asalariados a porcentaxe chega ao 47,33% e ao 53,87% no caso do comercio.

A representación feminina en órganos constitucionais como o Tribunal Constitucional, Consello de Estado, Consello Xeral do Poder Xudicial, Tribunal de Contas, Defensor do Pobo, Xunta Electoral Central e Consello Económico e Social, é baixo.

A participación máis alta obsérvase no Tribunal Constitucional (16,7%) e no Consello Económico e Social (15,3%).

A participación feminina no ano 2006 no Poder Xudicial, era do 45,5%. Pero a medida que se ascende na carreira xudicial, a porcentaxe diminúe.

En categorías de xuíces/as a participación é maioritariamente feminina (65,2%), pero só alcanza o 7,4% no caso de maxistrados do Tribunal Supremo.

■ Cadro 5.47

Directivas/os. España

	Ambos sexos (datos en miles)									
	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
	14.122,0	14.959,8	15.782,3	16.348,2	16.825,4	17.559,7	18.288,1	19.314,3	20.001,8	20.476,9
Total poboación ocupada										
Dirección das empresas e da Admón Pública.	1.200,5	1.183,3	1.238,4	1.256,4	1.262,7	1.275,7	1.361,5	1.386,4	1.464,7	1.562,6
Dirección da Admón Pública e de empresas de 10 ou máis asalariados/as	298,4	305,1	336,0	334,3	386,7	363,6	383,8	430,6	468,2	521,0
Poder executivo e lexislativo da Admón Pública, dirección de organización.	18,0	14,6	17,2	15,0	15,6	13,7	21,1	28,0	39,3	28,9
Dirección de empresas con 10 ou máis traballadores	280,3	290,5	318,9	319,3	371,1	349,8	362,7	402,7	428,9	492,1
Xerencia de empresas con menos de 10 traballadores/as	395,6	394,4	413,4	411,2	436,7	468,5	491,8	528,9	542,3	566,4
De comercio	147,5	131,9	146,5	136,9	138,9	155,7	147,9	142,8	152,9	169,7
De hostelería	87,8	93,8	90,9	80,9	93,9	92,5	110,5	113,5	119,5	122,7
De outras empresas	160,4	168,7	176,1	193,4	203,8	220,3	233,4	272,6	269,8	274,0
Xerencia de empresas sen asalariados/as	506,5	483,8	489,0	510,9	439,3	443,6	485,9	426,9	454,3	475,2
De comercio	330,5	31,4	309,4	322,2	263,8	264,9	288,5	257,9	252,6	257,3
De hostelería	124,1	116,3	120,9	116,5	112,1	108,2	112,1	88,8	84,1	113,6
De outras empresas	51,9	54,0	58,7	72,3	63,4	70,5	85,3	80,2	117,5	104,3
	% Mulleres									
	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
	35,09	36,23	36,87	37,32	38,00	38,79	39,43	40,20	40,85	41,41
Total poboación ocupada										
Dirección das empresas e da Admón Pública.	31,10	30,18	31,07	31,37	29,96	30,59	32,99	32,49	31,76	31,80
Dirección da Admón Pública e de empresas de 10 ou máis asalariados/as	14,31	14,32	15,98	16,69	18,41	17,99	19,83	20,48	24,20	22,65
Poder executivo e lexislativo da Admón Pública, dirección de organización.	25,00	23,29	25,58	32,67	26,28	29,93	32,70	18,57	45,04	45,67
Dirección de empresas con 10 ou máis traballadores	13,66	13,91	15,46	15,97	18,08	17,52	19,08	20,64	22,29	21,30
Xerencia de empresas con menos de 10 traballadores/as	23,61	22,97	23,80	25,80	25,10	26,60	27,19	28,85	27,14	27,19
De comercio	28,54	30,02	29,08	29,29	29,23	33,27	35,50	37,89	37,93	33,29
De hostelería	27,56	23,35	23,32	28,43	27,37	27,68	27,33	37,27	34,39	30,97
De outras empresas	16,90	17,25	19,70	22,23	21,25	21,43	21,85	20,65	17,79	21,75
Xerencia de empresas sen asalariados/as	46,83	46,03	47,59	45,43	44,96	45,15	49,25	49,10	45,06	47,33
De comercio	54,10	53,86	55,20	53,57	54,02	54,25	57,37	55,99	53,13	53,87
De hostelería	34,09	33,36	37,22	34,76	34,34	34,75	43,00	45,16	41,74	45,60
De outras empresas	31,02	28,15	28,79	26,42	26,03	26,81	30,01	31,17	30,21	33,08

Fonte: Instituto da Muller a partir de datos da enquisa de poboación activa. INE

Participación de mulleres en diversos órganos constitucionais.
España 2007

■ Cadro 5.48

TOTAL	Ambos sexos	% de Mulleres
	124	17,7
Tribunal Constitucional	19	10,5
Consello do Estado	19	15,8
Consello Xeral do Poder Xudicial	44	15,9
Tribunal de Contas	30	20,0
Defensor do Pobo	7	28,6
Xunta Electoral Central	5	40,0
Consello Económico e Social		

Fonte: elaboración propia do Instituto da Muller a partir de datos do Ficheiro de Altos Cargos (FICESA). INE

5.9. Conciliación entre a vida laboral e familiar

Tal vez sexa a conciliación entre a vida laboral e familiar un dos maiores condicionantes do acceso da muller ao mundo laboral. Os efectos negativos das dificultades de conciliación seguen recaendo sobre as mulleres a falta de repartición equitativa das responsabilidades familiares e a ausencia de infraestruturas axeitadas e suficientes para atender nenos e dependentes contribuíron ao escaso cambio producido.

A nivel España o 34,9% das persoas ocupadas entre 16 e 64 anos e con polo menos unha filla/ou menor de 15 anos confía o coidado dos seus fillos/as ao cónxuxe, segundo os resultados do módulo de conciliación de vida laboral e familiar da EPA (2005 últimos dispoñibles). En Galicia a porcentaxe alcanza o 35,28%.

Por sexo, un de cada dous varóns confía o coidado dos seus fillos/as a súa esposa. Pola contra, só o 11,7% (EPA 2005 últimos datos dispoñibles) das mulleres ten ao seu marido ao coidado dos seus fillos/as.

En Galicia o 51,99% dos homes confía ao seu cónxuxe o coidado dos seus fillos/as, mentres que ao contrario só alcanza o 11,22% segundo EPA 2005.

Persoas ocupadas entre 16 e 64 anos, con a lo menos un fillo segundo tipo principal de servizo de coidado aos nenos que utiliza para atendelos, por sexo, porcentaxe. Galicia / España 2005

■ Cadro 5.49

	Total nenos atendidos por servizos especializados	Nenos atendidos polo cónxuxe	Nenos atendidos por familiares	Non utiliza asistencia	Non sabe
Ambos sexos (Valores en porcentaxe)					
España	20,74	34,86	17,92	25,78	0,70
Galicia	14,70	35,28	25,12	24,54	0,36
Varóns (Valores en porcentaxe)					
España	16,56	50,13	12,54	20,10	0,67
Galicia	12,51	51,99	16,81	18,20	0,49
Mulleres (Valores en porcentaxe)					
España	27,07	11,70	26,09	34,40	0,74
Galicia	17,85	11,22	37,10	33,66	0,18

Fonte: INE. Conciliación entre a vida laboral e familiar. 2005

A medida que avanza a idade, a atención ás nenas/os prestada polos cónxuxes en maior medida.

Aínda que non contamos con datos desagregados por CCAA, é significativo destacar que no global do Estado, o 15,4% das mulleres ocupadas con polo menos unha filla/o teñen que tomar días de permiso ante situacións especiais, fronte ao 8,90% de varóns, segundo datos do módulo de conciliación entre vida laboral e familiar da EPA 2005.

En canto ao coidado de nenos/as e a dedicación laboral, os problemas relacionados coa dispoñibilidade de servizos de coidado de fillos/as son mencionados como causa de non poder traballar máis horas das desexadas, polo 24,8% no sector privado e o 18,9% no público. Estes datos, últimos dispoñibles, extraídos do módulo de conciliación entre vida laboral e familiar da EPA 2005 son a nivel de todo o

territorio, e desafortunadamente non os atopamos diferenciados por sexo, aínda que todo parece apuntar a que son as mulleres as que en maior medida ven reducida a súa xornada para atender os menores.

Pero hoxe en día e co elevado envellecemento da poboación, é case tan importante o coidado das fillas/os como o das persoas dependentes. Galicia, Navarra, Asturias e Estremadura presentan as maiores porcentaxes de persoas 16 a 64 anos que se fan cargo regularmente desta tarefa.

Persoas entre 16 e 64 anos, segundo poidan facerse ou non cargo regularmente da atención de persoas dependentes por sexo, porcentaxe. Galicia / España 2005

■ Cadro 5.50

	Total	Sí	Non
Ambos sexos (Valores en porcentaxe)			
España	100	9,92	90,08
Galicia	100	13,20	86,80
Varóns (Valores en porcentaxe)			
España	100	0,07	99,93
Galicia	100	0,10	99,90
Mulleres (Valores en porcentaxe)			
España	100	12,98	87,02
Galicia	100	16,52	83,48

Fonte: INE. Conciliación entre a vida laboral e familiar. 2005

En Galicia a porcentaxe de persoas que atenden a dependentes alcanza o 13,2% (9,92% en España). Se a análise a facemos por sexos, observamos unhas grandes diferenzas: o 16,5% de mulleres (12,98% en España) fronte ao 0,10% de homes (0,07% en España) fanse cargo da atención a dependentes.

Segundo os datos do Instituto da Muller as excedencias por coidado de fillas/os, segundo os datos do cadro, a nivel de todo o territorio español alcanzaron no 2007 o 94,06% no caso das mulleres, mentres que só o 5,77% dos homes solicitaron este tipo de excedencia. Se observamos as porcentaxes dende o ano 2000, apréciase un lixeiro aumento das excedencias solicitadas polos pais, pero aínda así representa unha baixísima porcentaxe.

Algo similar acontece cos permisos de maternidade/paternidade. No cadro 51 elaborado polo Instituto da Muller conséntase que en Galicia o 98,37% dos permisos foron gozados polas nais e solo o 1,63% polos pais. En España as cifras son similares co 98,43% para as nais e o 1,57% para os pais.

A evolución dende o ano 2004 mostra escasas diferenzas e probablemente se modifiquen en anos posteriores coa aprobación da Lei de Igualdade. Os primeiros resultados xa se deixaron ver cos 7.478 permisos de paternidade gozados en Galicia entre marzo e decembro de 2007 (173.161 en toda España).

Para completar este apartado incluímos o cadro sobre “Persoas ocupadas a tempo parcial por motivo da xornada parcial” do Instituto da Muller sobre datos da EPA.

Permisos de maternidade por comunidades autónomas

Cadro 5.51

Total	Ambos sexos			% Mulleres		
	2005*	2006*	2007*	2005*	2006*	2007*
	299.605	320.554	331.642	98,24	98,35	98,43
Andalucía	52.778	57.709	59.733	98,83	98,96	98,99
Aragón	8.915	9.477	8.592	97,98	98,10	98,22
Asturias	4.642	4.943	5.254	97,93	98,54	98,08
Baleares	7.450	8.231	8.155	98,51	98,51	98,32
Canarias	12.337	12.756	13.308	98,78	98,57	98,68
Cantabria	3.368	343	3.747	97,95	97,77	97,81
C. León	12.248	12.819	13.361	97,76	97,91	97,87
C. La Mancha	9.568	10.933	11.507	98,43	98,77	98,97
C. Valenciana	31.884	33.391	35.567	98,73	98,75	98,70
Cataluña	57.370	60.134	61.705	98,08	98,26	98,41
Extremadura	5.369	5.845	5.987	99,05	98,75	98,85
Galicia	13.820	14.393	15.403	98,05	98,14	98,37
Madrid	48.320	52.547	54.278	98,06	98,13	98,42
Murcia	8.887	10.215	10.655	99,19	99,30	99,37
Navarra	4.648	5.040	5.325	96,77	96,13	95,94
A Ríoxa	2.012	2.101	2.125	97,37	97,29	97,98
País Vasco	15.304	15.975	16.264	96,30	96,59	96,38
Ceuta	351	319	335	98,01	98,43	98,81
Melilla	334	323	341	97,90	99,07	97,36

* O volumen de perceptores de maternidade xestionados polo INEM refírense a novembro

Fonte: Instituto da Muller, a partir de datos da Tesorería Xeral da Seguridade Social

Excedencias* por coidado de fillas/os

Cadro 5.52

	Total	% Nais
2000	8.339	96,02
2001	10.163	96,43
2002	12.694	96,16
2003	13.879	96,38
2004	16.963	96,34
2005	18.942	95,23
2006	20.225	95,33
2007	32.979	94,06

*Vixentes en decembro

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Tesorería Xeral da Seguridade Social

Paternidade Marzo-Diciembre 2007.
Galicia/España

Cadro 5.53

	Nº de procesos
España	173.161
Galicia	7.478
A Coruña	3.258
Lugo	635
Ourense	660
Pontevedra	2.925

Fonte: INSS

Persoas ocupadas a tempo parcial por motivo da xornada parcial. España 2006-2007

■ Cadro 5.54

	Ambos sexos		% Mulleres	
	2006	2007	2006	2007
Total	2.373,6	2.383,1	79,45	80,44
Seguir cursos de ensinanza ou formación	307,8	281,9	56,82	55,41
Enfermidade ou incapacidade propia	46,5	39,6	55,48	53,54
Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	313,0	347,5	98,75	98,62
Outras obrigas familiares ou persoais	261,8	305,5	95,42	95,68
Non poder encontrar traballo de xornada completa	778,9	737,2	81,02	81,01
Non querer traballo de xornada completa	271,2	310,3	84,22	84,40
Outros motivos	380,3	349,9	67,26	67,56
Non sabe o motivo	14,0	11,4	78,57	78,95

Fonte: Enquisa de poboación activa. INE. Elaborado polo Instituto da Muller
Unidade: Miles de persoas

Aínda que os datos non están desagregados por comunidades autónomas, parece significativo que do total de persoal que realizan un traballo a tempo parcial por coidado de nenos ou adultos enfermos, incapacitados ou maiores, o 98% en 2007 sexan mulleres e o 95,68% do total de persoas traballadoras a tempo parcial con obrigas familiares ou persoais, tamén sexan mulleres.

Destaca, igualmente, que o 81% dos que non puideron atopar traballo a xornada completa sexan mulleres e que o 84,40% dos que non queren traballar a xornada completa tamén sexan mulleres, xurdindo a dúbida de se realmente a elección de traballar a tempo parcial é libre ou imposta por un cúmulo de factores externos, algúns deles imperceptibles.

O Cadro 5.55 de “Persoas inactivas que non buscan emprego por razóns familiares” do Instituto da Muller, parece confirmar os datos anteriores, destacando que do total de persoas inactivas que non buscan emprego por razóns familiares, o 96,46%, sexan mulleres.

Persoas inactivas que non buscan emprego por razóns familiares. España 2006-2007

■ Cadro 5.55

	Ambos sexos		% Mulleres	
	2006	2007	2006	2007
Total Inactivos	15.423	15.492	63,30	63,07
Total Razóns familiares	3.370	3.444	97,04	96,46
Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	819	850	97,20	96,99
Outras obrigas familiares ou persoais	2.551	2.593	96,98	96,29

Fonte: Enquisa de poboación activa. INE. Elaborado polo Instituto da Muller
Unidade: Miles de persoas

Finalizamos esta análise da conciliación entre vida laboral e familiar facendo referencia á “Enquisa de Fecundidade 2006” do Centro de Investigacións Sociolóxicas. Estas son algunhas das súas conclusións:

■ O 60% das mulleres afirma que ter fillos é un obstáculo para a súa vida profesional

■ O 16,2% das nais que agora contan entre 20 e 49 anos abandonaron definitivamente o traballo pola maternidade e o 28% afirma que a crianza dos fillos limitou as súas oportunidades de promoción laboral.

■ O atraso na maternidade débese en boa medida ao número de anos de dedicación ao estudo e ás dificultades económicas que teñen a súa orixe nos postos de traballo precarios aos que acceden as mulleres, cando non están en paro.

A máis estudos máis traballo, maior atraso na maternidade e menos fillos.

5.10. Salarios

Continuando a tendencia dos apartados anteriores deste capítulo, o sexo parece ser tamén un factor determinante das diferenzas salariais.

O informe da Axencia Tributaria “Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2006 (últimos datos dispoñibles)” reflexa que as mulleres galegas no ano 2006 percibiron un salario medio anual de 12.911 € fronte aos 17.671 € dos homes, o que supón que as mulleres percibiron un 26,94% menos que os homes polo seu traballo realizado.

A media total das CCAA no grupo de mulleres chegou aos 13.497 €, fronte aos 19.314 dos homes, percibindo o colectivo feminino un 30,12% menos que os homes.

En ambos os dous casos a muller cobra menos que a media, que en Galicia é de 15.678 € e no conxunto do Estado de 16.849 €.

Asalariados por CCAA e sexo. 2006

■ Cadro 5.56

	Total		Mulleres	Homes
	Salario medio anual	%*	Salario medio anual	Salario medio anual
Andalucía	13.962	66	10.768	16.194
Aragón	17.938	67	13.886	20.878
Ppdo. de Asturias	17.586	66	13.529	20.507
Illas Baleares	16.175	75	13.600	18.230
Canarias	14.613	78	12.594	16.145
Cantabria	17.393	67	13.453	20.131
Castela A Mancha	15.267	72	12.306	17.148
Castela León	16.768	70	13.448	19.106
Cataluña	18.590	68	14.796	21.604
Extremadura	13.090	73	10.755	14.686
Galicia	15.678	73	12.911	17.671
C. de Madrid	21.398	68	16.917	24.976
Rexión de Murcia	13.569	73	11.081	15.139
A Ríoxa	16.998	70	13.649	19.435
C. Valenciana	15.540	70	12.444	17.752
Cidade de Ceuta	19.565	71	15.435	21.803
Cidade de Melilla	18.878	73	15.277	21.057
Total	16.849	70	13.497	19.314

*Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home

Fonte: Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2006

A evolución con respecto ao ano 2000 tampouco é moi alentadora, xa que en Galicia a diferenza se incrementou en case un punto, pasando do 26,10% de diferenza en prexuízo das mulleres, ao 26,94% en 2006.

Asalariados por sector de actividade económica e sexo. Galicia / España. 2006

■ 5.57

	Total	Mulleres	Homes	%
Energía e auga	34.247	22.157	33.266	71
Industria	19.368	11.868	18.695	63
Construción e servizos inmobiliarios	14.903	12.487	14.194	88
Comercio	14.564	10.460	16.134	65
Transporte e comunicacións	21.037	13.595	17.280	79
Hostalaría e restauración	9.312	6.542	8.887	74
Entidades financeiras e aseguradoras	30.669	19.708	36.107	55
Servizo ás empresas	16.224	10.341	16.024	65
Ensino e sanidade	21.868	18.802	28.050	67
Outros	16.329	17.130	19.488	88
Sen clasificar	13.679	9.519	16.047	59
Total	16.849	13.497	19.314	70

*Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home en Galicia

Fonte: Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2006

Neste cadro, apreciamos que as diferenzas salariais non son iguais segundo que rama de actividade económica se trate. As maiores diferenzas aprécianse na rama “entidades financeiras e aseguradoras”, onde a muller gaña un 45,42% menos que o home, seguida de “industria” cunha porcentaxe dun 36,52% menos en contra da muller, de “servizo a empresas” cun 35,47% menos e do “comercio” con 35,17% menos. Estas dúas últimas ramas de actividade son especialmente significativas, xa que concentran un elevado número de asalariadas.

As menores diferenzas atopámolas en “construción e servizos inmobiliarios” onde a muller percibe o 87,97% do salario masculino e “transporte e comunicacións” co 78,67%.

É destacable que ramas de actividade como “ensino e sanidade”, que foron tradicionalmente reservadas ás mulleres e onde os postos de traballo están ocupados maioritariamente por elas, perciban só o 67% do salario do home.

Hai que ter en conta que estas diferenzas salariais están provocadas en boa medida por que a muller está contratada nunha maior proporción a tempo parcial, con contratos temporais, que se incorporan máis tarde ao mercado laboral e que interrompen a súa vida profesional para a atención dos fillos ou de persoas dependentes.

A partir dos datos facilitados pola Axencia Tributaria, observamos que en 2006 o 19,56% (90.447 mulleres, o grupo máis numeroso) tiveron ingresos por salarios inferiores ao 50% de Salario Mínimo Interprofesional (SMI) e o 16,04% tivéronos entre o 50% e o 100% do SMI. Isto supón que o 35,60% de mulleres, no ano 2006, tiveron ingresos non superiores ao SMI. Os homes con salarios inferiores ao 50% do SMI foron o 11,49% e con salarios entre o 50% e o 100% do SMI foron o 8,76%.

Cos salarios máis altos acontece á inversa, é unha porcentaxe moi baixa de mulleres as que perciben salarios altos.

A Enquisa Anual de Estrutura Salarial ano 2005 do INE (última dispoñible) confirma os datos anteriores.

Percepcións salariais por tramo de salario e sexo. Galicia / España. 2006

Cadro 5.58

	Galicia		España	
	Salario medio anual		Salario medio anual	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
De 0 a 0,5 SMI	1.635	1.621	1.628	1.603
De 0,5 a 1 SMI	5.721	5.733	5.686	5.691
De 1 a 1,5 SMI	9.626	9.553	9.553	9.502
De 1,5 a 2 SMI	13.402	13.077	13.376	13.145
De 2 a 2,5 SMI	16.789	16.921	16.853	16.921
De 2,5 a 3 SMI	20.668	20.620	20.699	20.679
De 3 a 3,5 SMI	24.559	24.546	24.553	24.580
De 3,5 a 4 SMI	28.273	28.411	28.312	28.366
De 4 a 4,5 SMI	32.107	32.059	32.119	32.135
De 4,5 a 5 SMI	35.790	35.614	35.846	35.758
De 5 a 7,5 SMI	45.113	44.521	45.274	44.685
De 7,5 a 10 SMI	64.559	64.067	64.619	64.139
Máis de 10 SMI	116.767	104.737	125.064	111.316
Total	17.671	12.911	19.314	13.497

Fonte: Axencia Tributaria. Mercado de Traballo e ensións nas fontes tributarias: 2006

En Galicia o salario medio bruto anual total en 2005, no colectivo feminino foi de 13.342,46 € (12.713,83 € en 2004). Se distinguimos entre tipo de contrato a media foi de 13.849,29 € para os contratos indefinidos e 12.313,05 € para os de duración determinada) e no colectivo masculino foi do 17.974,15 € (17.260,69 € en 2004), distribuídos en 19.776,86 € para os contratos indefinidos e 13.809,42 € para os de duración determinada). Isto supón que as mulleres galegas en 2005 percibiron unhas retribucións un 25,77% menor que as dos homes, diferenza que no caso dos contratos indefinidos alcanza o 29,97%.

Salario bruto anual por tipo de contrato. (Euros). 2005. Encuesta anual de estrutura salarial

Cadro 5.59

Ambos os dous sexos	Total	Indefinido	Duración determinada
Andalucía	16.658,00	19.690,28	13.976,56
Aragón	18.592,08	20.889,47	14.344,29
Ppdo. de Asturias	18.882,69	21.467,45	15.213,41
Illas Baleares	17.018,24	18.966,87	14.252,18
Canarias	15.590,68	17.495,18	13.249,54
Cantabria	17.542,80	19.740,64	14.056,60
Castela A Mancha	16.900,17	19.895,08	12.211,23
Castela León	17.076,34	19.473,63	13.767,68
Cataluña	20.067,13	22.818,97	14.283,56
C. Valenciana	16.670,84	18.645,85	13.318,59
Extremadura	15.242,05	17.292,19	13.148,33
Galicia	15.621,43	16.826,17	13.016,41
C. de Madrid	22.973,66	26.752,42	15.379,35
Rexión de Murcia	16.250,94	17.486,24	14.598,83
Navarra	20.829,74	23.746,84	13.515,89
País Vasco	21.730,03	25.091,96	15.891,33
A Ríoxa	17.238,40	18.797,59	13.956,95
España	18.676,92	21.501,13	14.124,31

Salario bruto anual por tipo de contrato. (Euros). 2005. Encuesta anual de estrutura salarial
**■ Cadro 5.59
(continuación)**

Homes	Total	Indefinido	Duración determinada
Andalucía	18.265,03	22.131,09	15.290,43
Aragón	21.479,67	24.445,04	15.930,96
Asturias	21.904,34	24.962,54	17.458,34
Baleares	18.696,42	21.333,95	15.050,84
Canarias	16.771,82	19.400,38	13.762,87
Cantabria	19.488,65	22.318,10	15.370,25
C. A Mancha	18.146,20	21.280,54	13.214,09
C. León	19.310,77	22.029,32	15.260,61
Cataluña	23.358,44	26.529,59	16.042,09
C. Valenciana	18.659,85	21.579,84	14.135,98
Extremadura	16.292,38	18.868,28	13.664,19
Galicia	17.974,15	19.776,86	13.809,42
Madrid	26.654,18	31.538,88	16.622,17
Rexión de Murcia	18.386,40	20.098,57	16.090,88
Navarra	23.645,40	26.659,77	14.792,42
País Vasco	24.214,37	28.557,22	16.871,17
A Rioxa	19.242,72	21.223,75	15.311,35
España	21.093,92	24.773,82	15.333,82

Mulleres	Total	Indefinido	Duración determinada
Andalucía	13.738,98	16.065,80	11.092,74
Aragón	14.325,81	15.586,23	12.060,26
Asturias	14.034,25	15.713,56	11.739,22
Baleares	14.819,07	15.942,85	13.166,89
Canarias	13.728,92	14.728,30	12.352,77
Cantabria	13.462,73	14.860,69	10.791,28
C. A Mancha	14.356,65	17.049,94	10.183,15
C. León	13.598,68	15.154,50	11.688,93
Cataluña	16.284,86	18.274,45	12.514,53
C. Valenciana	13.927,15	14.913,30	12.021,67
Extremadura	13.361,00	14.473,21	12.223,24
Galicia	13.342,46	13.849,29	12.313,05
Madrid	18.065,08	20.260,99	13.776,57
Rexión de Murcia	12.886,98	13.359,92	12.256,90
Navarra	16.784,08	19.087,80	12.103,42
País Vasco	17.981,30	19.989,88	14.347,93
A Rioxa	14.013,45	15.082,80	11.533,10
España	15.294,83	17.043,85	12.355,97

*Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home

Fonte: Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2005

En España a media salarial bruta das mulleres en 2005, foi de 15.294,83 € (14.889,74 € en 2004), fronte aos 21.093,92 (20.597,71 € en 2004) dos salarios masculinos, o que reflicte unha diferenza en contra do salario feminino de 27,49% (diferenza superior á dos salarios da muller galega). Nas contratacións indefinidas, esta diferenza, desfavorable para as mulleres chega ao 31,20%.

5.11. Prestacións por desemprego

Os datos proporcionados polo MTASS para a elaboración deste apartado non están desagregados por CCAA, polo que, aínda que fagamos referencia as súas táboas estatísticas do 2007, imos utilizar o informe da Axencia Tributaria “Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2006”.

O número de perceptoras de prestacións de desemprego, segundo as estatísticas do Anuario de Estadísticas Laborais de Asuntos Sociais do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais 2007, foi superior ao dos homes, no nivel asistencial, pero non así no nivel contributivo. En toda España houbo unha media anual en 2007 de 602.900 mulleres fronte a 577.800 homes, se ben é certo que onde o número de mulleres é maior, é na percepción de subsidios, onde as contías percibidas son sensiblemente inferiores ás das prestacións contributivas de desemprego:

■ 369.600 mulleres percibiron prestación de desemprego, fronte a 410.600 homes.

■ 222.300 mulleres percibiron subsidio, fronte a 167.200 homes.

A media diaria bruta recoñecida a beneficiarios/as de prestacións de desemprego de nivel contributivo segundo sexo e idade a nivel de todo o Estado é de 25,43 € día no ano 2007 (24,12 € día en 2006). A contía percibida polo colectivo feminino está por debaixo desa media, alcanzando só 22,82 € día (21,52 € día en 2006), fronte aos 27,79 € do grupo de homes (26,52 € en 2006).

A maior diferenza atopámola no colectivo de mulleres entre 55 e mais anos onde a diferenza de contía media diaria bruta chega a ser de 6,98 € (mulleres 22,59 € día e homes 29,57 € día), poderíamos atopar explicación a este dato no feito de que as mulleres dese tramo de idade ou están a percibir un subsidio (13,31 € día) ou realizan traballos de baixa cualificación, xa que o seu nivel formativo é menor, e polo tanto peor remunerados.

Contía media diaria bruta recoñecida a beneficiarios de prestacións de nivel contributivo. Segundo sexo e idade. España. 2006

■ Cadro 5.60

	2006		
	Homes	Mulleres	Ambos os dous sexos
16-19 anos	24,09	20,46	22,93
20-24 anos	25,47	21,43	23,78
25-54 anos	27,66	22,97	25,28
55 e máis anos	29,57	22,59	27,34
Total	27,79	22,82	25,43

Fonte: Axencia Tributaria. Mercado de Traballo e pensións nas fontes tributarias: 2007

Para poder facer unha análise por CCAA e sexo utilizaremos os datos do informe da Axencia Tributaria “Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2006”.

En todas as CCAA o importe da prestación media anual é inferior no colectivo feminino, 2.836 € (2.720 € en 2005) fronte aos 3.170 € (3.071 € en 2005) dos

homes. En Galicia a media anual chegou aos 2.635 (2.517 € en 2005) para as mulleres e aos 3.177 € (3.067 € en 2005) para os homes, polo tanto existe unha diferenza en prexuízo do grupo de mulleres de 542 € anuais como media.

Se comparamos a percepción media feminina en materia de prestacións de desemprego, en 2006, coa media total das CCAA, observamos que é inferior en 368 € (380 € en 2005) e se a comparación a facemos co total do colectivo feminino as mulleres galegas percibiron 201 € (203 en 2005) menos que a media de España, ocupando o sexto posto, xunto con Castela - A Mancha, das prestacións máis baixas despois de Murcia, Baleares, Cantabria, Extremadura e Asturias. No caso dos homes galegos a diferenza coa media de España, é inapreciable.

Podemos concluír dicindo que a muller galega percibe só o 82,94% das prestacións, comparándoas coas percibidas polos seus compañeiros homes, é dicir, percibe un 17,06% menos.

**Percepcións medias de prestacións por desemprego.
Por sexo e comunidade autónoma do perceptor. Galicia/España. 2006**

■ Cadro 5.61

Ambos os dous sexos	Prestación media anual		
	Total	Homes	Mulleres
Andalucía	2.913	3.014	2.816
Aragón	2.966	3.200	2.733
Ppdo. de Asturias	3.128	3.514	2.630
Illas Baleares	2.549	2.684	2.423
Canarias	2.925	3.119	2.739
Cantabria	2.804	3.016	2.560
Castela A Mancha	2.692	2.748	2.635
Castela León	2.872	3.067	2.659
Cataluña	3.479	3.697	3.262
Extremadura	2.710	2.849	2.566
Galicia	2.910	3.177	2.635
C. de Madrid	3.344	3.506	3.183
Rexión de Murcia	2.571	2.778	2.347
A Ríoxa	3.048	3.208	2.882
C. Valenciana	2.858	3.019	2.696
Cidade de Ceuta	3.081	3.257	2.876
Cidade de Melilla	2.878	2.958	2.792
España	3.003	3.170	2.836

Fonte: Axencia Tributaria. Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2006

5.12. Pensións

Para unha primeira análise utilizaremos os datos proporcionados polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais nas estatísticas do Anuario de Estatísticas Laborais do 2007. Aínda que os datos non están desagregados por CCAA, se o están por sexo, polo que nos poden dar unha visión xeral da situación da muller pensionista.

Faremos unha primeira análise das pensións contributivas.

O número de pensionistas mulleres (3.624.200) en toda España é lixeiramente inferior ao de homes (3.902.600). É máis destacable que se ben no colectivo

masculino as pensións de xubilación, que requiren unha cotización previa, supoñen un 80,01% do total, no grupo de mulleres só supoñen un 44,30%, case igual que as de viuvez (43,84%).

En relación co importe medio mensual podemos dicir que no conxunto do Estado, as pensións percibidas polas mulleres en 2007 son 322,09 € menos que as dos homes, ou o que é o mesmo un 38,40% menores (mulleres: 516,74 €, homes: 838,83 €). Esta diferenza aínda é maior se comparamos as pensións de xubilación. Así unha pensionista de xubilación muller percibiría 356,12 € menos que os homes.

As pensións de viuvez son lixeiramente superiores no caso das mulleres, cunha media estatal en 2007 de 108,87 € máis.

Se a comparación a realizamos coa pensión media total (tanto por sexo como CCAA), as mulleres seguen por debaixo, xa que a media total é de 673,69 € para 2007, fronte aos 516,74 € do grupo de pensionistas mulleres.

**Pensión contributivas e importe medio e pensionistas segundo clase, por sexo.
España 2006/2007**

■ **Cadro 5.62**

	Pensións				Pensionistas ⁽¹⁾	
	Nº en miles		Importe medio en euros/mes		En miles	
	2006	2007	2006	2007	2006	2007
Homes	3.992,6	4.031,9	798,05	838,83	3.863,5	3.902,6
Xubilación	3.129,9	3.153,8	840,19	885,17	3.096,5	3.122,5
Incapacidade permanente	575,0	589,0	799,35	829,80	571,4	585,1
Viuvez	147,8	150,0	383,68	396,76	60,4	61,1
Orfandade	131,9	131,4	284,09	299,08	127,4	126,4
Favor familiar	8,0	7,7	345,39	369,00	7,8	7,5
Mulleres	4.172,4	4.241,5	492,40	516,74	3.570,4	3.624,2
Xubilación	1.679,2	1.709,2	503,68	529,05	1.602,9	1.605,7
Incapacidade permanente	284,8	299,8	594,55	624,96	270,6	281,6
Viuvez	2.049,1	2.075,4	483,39	505,63	1.546,6	1.588,8
Orfandade	128,1	126,5	287,75	302,97	123,3	121,4
Favor familiar	31,2	30,6	382,01	405,63	27,0	26,7
Ambos os dous sexos⁽²⁾	8.165,0	8.273,9	641,86	673,69	7.433,9	7.527,2
Xubilación	4.809,1	4.863,3	722,71	760,00	4.699,4	4.728,2
Incapacidade permanente	859,8	888,8	731,55	760,71	842,0	866,7
Viuvez	2.196,9	2.225,5	476,70	498,30	1.607,0	1.649,9
Orfandade	260,0	258,1	285,87	300,92	250,7	248,0
Favor familiar	39,2	38,3	374,57	398,24	34,8	34,2

(1) Véxase nota a este cadro en Fontes non explicativas

(2) Inclúe non consta sexo

Fonte: Anuario de estadísticas laborais 2006. Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais

Se a análise a realizamos observando as pensións segundo tramos de contía mensual, por sexo e clase, para todo o territorio das CCAA en 2007 apreciamos que nos dous colectivos o maior número de pensións concéntrase no tramo de 450,01 a 700,00 €, pero se ben no grupo de mulleres o seguinte tramo con máis perceptoras é o de 150,01 a 400,00 €, no grupo de homes o seguinte tramo con máis perceptores é o de 700,01 a 1.100,00 €, e nos tramos superiores son maioritarios e case exclusivos, o número de perceptores homes.

Cadro 5.63
Pensión contributivas, segundo tramos de contía mensual, por sexo e clase. España 2007

	Total	Ata 150 €	De 150,01 a 400 €	De 400,01 a 450 €	De 450,01 a 700 €	De 700,01 a 1.100 €	De 1.100,01 a 1.800 €	De 1.800,01 a 2.000 €	De 2.000,01 a 2.232,55€	Máis de 2.232,55€
Homes	3.992,6	406,3	95,4	1.653,4	835,5	493,0	70,0	129,3	4,9	
Incapacidade permanente	575,0	101,70	28,90	193,50	130,3	62,4	11,1	15,3	3,7	
Xubilación	3.129,9	160,80	54,10	1.406,10	690,9	426,7	58,9	114,0	1,2	
Viudedade	147,8	92,80	7,70	28,20	10,4	3,1	-	-	-	
Orfandade e favor familiares	139,9	51,00	4,70	25,60	3,9	0,8	-	-	-	
Mulleres	4.172,3	1.334,4	226,6	1.891,3	395,8	136,8	9,5	11,3	1,0	
Incapacidade permanente	284,8	105,00	22,70	85,60	39,4	15,7	2,9	3,1	0,9	
Xubilación	1.679,2	566,10	84,20	767,20	134,8	60,0	6,3	7,9	0,1	
Viudedade	2.049,1	602,40	114,40	1.008,10	216,3	59,9	0,2	0,3	-	
Orfandade e favor familiares	159,2	60,90	5,30	30,40	5,3	1,2	0,1	-	-	
Ambos os dous sexos⁽¹⁾	8.164,9	1.740,7	322,0	3.544,7	1.231,3	629,8	79,5	140,6	5,9	
Incapacidade permanente	859,8	206,7	51,6	279,1	169,7	78,1	14,0	18,4	4,6	
Xubilación	4.809,1	726,9	138,3	2.173,3	825,7	486,7	65,2	121,9	1,3	
Viudedade	2.196,9	695,2	122,1	1.036,3	226,7	63,0	0,2	0,3	0,0	
Orfandade e favor familiares	299,1	111,9	10,0	56,0	9,2	2,0	0,1	0,0	0,0	

(1) Inclúe non consta sexo

Fonte: Anuario de estadísticas laborais 2006. Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais

Para poder facer unha análise por CCAA e sexo utilizaremos os datos do informe da Axencia Tributaria "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2006 (últimos datos dispoñibles).

Cabe sinalar que se ben en Galicia, o número de pensionistas (sen distinción polo tipo de pensión) é superior no colectivo feminino (52,45%), non o son os importes das pensións recibidas. No total das CCAA o número de mulleres pensionistas chega ao 49,83%.

A pensión media anual das mulleres pensionistas en Galicia alcanzou en 2006 os 7.473 €, fronte aos 10.437 € dos homes, o que supón que as mulleres perciben o 71,60% do importe da pensión masculina, ou o que é o mesmo un 28,40% menos, o que supón unha significativa diferenza (2.964 € menos ao ano).

Se a comparación a facemos coa media total dos/as pensionistas galegos/as de ambos os dous sexos, as mulleres reciben pensións inferiores á media en 1.410 € diferenza que se acentúa se o elemento de referencia é a media total de España (ambos os dous sexos), chegando a percibir 2.742 € menos.

A muller galega tamén está en desvantaxe se a comparamos coa pensión media das mulleres do resto de CCAA, con 691 € menos.

As pensionistas galegas ocupan o cuarto lugar das máis baixas, despois de Extremadura, Murcia e Castela- A Mancha.

Pensión medias. Por sexo e comunidade autónoma. 2006

■ Cadro 5.64

	Prestación media anual		
	Total	Homes	Mulleres
Andalucía	9.257	10.907	7.570
Aragón	10.814	12.899	8.472
Ppdo. de Asturias	12.949	16.540	8.953
Illas Baleares	9.335	11.231	7.662
Canarias	9.200	10.832	7.553
Cantabria	11.070	13.609	8.525
Castela A Mancha	8.997	10.117	7.457
Castela León	10.264	11.898	8.358
Cataluña	10.708	13.285	8.440
Estremadura	8.510	9.432	7.385
Galicia	8.883	10.437	7.473
C. de Madrid	12.846	16.197	9.759
Rexión de Murcia	9.154	10.925	7.425
A Ríoxa	9.862	11.361	8.187
C. Valenciana	9.405	11.166	7.686
Cidade de Ceuta	13.008	16.575	9.541
Cidade de Melilla	12.236	15.589	9.127
España	10.215	12.274	8.164

Fonte: Axencia Tributaria. Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2006